



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de xullo de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día once de xullo de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(609).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 26 de xuño de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(610).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO. EXPTE. 609/1102.

Dáse conta da proposta de data 08/07/19, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do 2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado

no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

De conformidade ca normativa sinalada e ao abeiro dos arts. 2,3, 4 e 9 do Estatuto Fundacional do Consorcio de la Zona Franca de Vigo (BOE n.º 213, do 01/08/1951), esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado no Consorcio da Zona Franca de Vigo polo seu Alcalde-Presidente e representante legal D. Abel Caballero Álvarez e polos concelleiros e concelleiras

1. D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
2. D^a. M^a José Caride Estévez
3. D. Ángel Rivas González
4. D^a. Patricia Rodríguez Calviño
5. D. Abel Fermín Losada Álvarez

Segundo.- Comunicar este acordo ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(611).- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS EN PADROADOS, FUNDACIÓNS E EN DIVERSOS ÓRGANOS E ENTIDADES PÚBLICAS. EXPTE. 611/1102.

Dáse conta da proposta de data 08/07/19, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do presente ano, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.



Concello de Vigo

De conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón da Fundación “**Instituto Feiral de Vigo**” (IFEVI), actuará no Padroado e no Comité Executivo da mesma, a través do Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Segundo.- O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón da Fundación “**Vigo en Deporte**” (VIDE), actuará na mesma, tal e como se indica nos artigos 10 e 13 dos seus Estatutos, a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, quen ostentará a Presidencia do Padroado e a través do Concelleiro Delegado da Área de Deportes, D. José Manuel Fernández Pérez que ostentará a Vicepresidencia; ostentando, a súa vez, a representación do Concello no Comité Executivo.

Terceiro.- O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón na “**Fundación Provigo**”, actuará na mesma, tal e como se indica no artigo 10 dos seus Estatutos, a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez.

Cuarto.- O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón na “**Fundación Laxeiro**”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, que ostentará a Presidencia do Padroado segundo o artigo 8 dos seus Estatutos. Os restantes membros representantes do Concello, segundo se indica no artigo 6.a) dos seu Estatutos, serán o Concelleiro-Delegado de Cultura, D. Abel Losada Álvarez, *D. Antón Castro Fernández, D. Antón Pulido Novoa e D. Cayetano Rodríguez Escudero.*

Quinto.- O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón da “**Fundación Liste**”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, que ostentará a Vicepresidencia segundo se determina no artigo 15.3 dos Estatutos. Os restantes dous membros representantes do Concello, segundo se indica no artigo 13.1.a) dos devanditos Estatutos, serán o concelleiro-delegado de Cultura, D. Abel Losada Álvarez e *D. Rafael Vallejo Pousada.*

Sexto.- Comunicar á Secretaria Xeral do ente “**Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular** que na sesión constitutiva de data 15 de xuño de 2019 foi elixido Alcalde da Cidade de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, correspondéndolle estatutariamente a representación do Concello de Vigo nos órganos de goberno do dito ente.

Sétimo.- Designar representante do Concello de Vigo no **Consello Social da Universidade de Vigo** a D. Xulio Calviño Rodríguez.

Oitavo.- Designar como interlocutores do Concello de Vigo na **Rede Española de Cidades Saudable** a D^a Nuria Rodríguez Rodríguez, Concelleira Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, na condición de representante política e a D. Secundino Otero Failde, xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, na condición de representante técnico.

Noveno.- Comunicar á Secretaría Xeral da **Autoridade Portuaria** que o Concello de Vigo estará representado no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo polo seu Alcalde e representante legal, D. Abel Caballero Álvarez.

Décimo.- O Concello de Vigo estará representado no **Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria** da Subxerencia Territorial da Dirección Xeral do Catastro da Delegación de Facenda de Vigo pola Concelleira-Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, D^a Patricia Rodríguez Calviño. Nomear suplente á directora de Ingresos do Concello de Vigo, D^a M^a Jesús Magdalena Vila.

Décimo primeiro.- O Concello de Vigo estará representado no Padroado do **Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia** pola súa Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, D^a Nuria Rodríguez Rodríguez.

Décimo segundo.- O Concello de Vigo estará representado no **Museo Do Mar** polo Concelleiro-Delegado da Área de Cultura, D. Abel Losada Álvarez.

Décimo terceiro.- O Concello de Vigo estará representado na “**Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana**” da **Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP)** pola Concelleira-Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, D^a Patricia Rodríguez Calviño, como representante política e pola secretaria do Goberno Local, D^a M^a Concepción Campos Acuña, como responsable técnica

Décimo cuarto.- Designar como representante do Concello de Vigo na “**Red Española de Ciudades Inteligentes**” (**RECI**), á Concelleira D^a Patricia Rodríguez Calviño.

Décimo quinto.- Comunicar o presente acordo aos Concelleiros, Fundacións, Padroados, organismos e entidades públicas afectados para o seu coñecemento e efectos.

Décimo sexto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Publíquese así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo goberno.

Décimo oitavo.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo; de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1985, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.



Concello de Vigo

4(612).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 20/06/2019 DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELEIRO-DELEGADOS E DEMAIS DELEGADOS DE ÁREA. MATERIA DE URBANISMO EXPTE. 601/1102

Dáse conta da proposta de data 09/07/19, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

A concelleira-delegada de Urbanismo en data 05/07/19 (Expte. 1057/400), emitiu a seguinte proposta:

“O día 05/07/2019, a arquitecta municipal xefa da área técnica da XMU e o Xerente De Urbanismo emitiron o seguinte informe-proposta de resolución:

“Con data 20.06.2019 a Xunta de Goberno Local acordou:

“Primeiro .- Delegar nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 as atribucións nas condicións particulares que se detallan de seguido:

I.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO.

1. Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas a licenzas de espectáculos públicos e de actividades recreativas de carácter extraordinario, agás as que lle puideran corresponder á outras Concellerías Ddas en aplicación da normativa sectorial, comunicacións previas, disciplina e infraccións urbanísticas, declaracións de ruína e ordes de execución....”

No texto aprobado entre as atribucións delegadas a Concellería Delegada de urbanismo unicamente se inclúen as “licenzas de espectáculos públicos e de actividades recreativas de carácter extraordinario” e non o resto das licenzas urbanísticas (licenzas de obra, primeira ocupación, licenzas de apertura de establecementos para actividades recreativas ou de espectáculos etc). Parece un erro na redacción é deberían citarse as licenzas urbanísticas de forma xenérica. Ademais non se inclúen as declaracións responsables.

En canto as licenzas ou declaracións responsables de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario e as licenzas ou declaracións responsables para as actividades recreativas ou de espectáculos na vía pública ou espazos abertos de uso público, podería reconsiderarse que a súa tramitación sexa de competencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, en base ós seguintes motivos:

- O feito de que ditas actividades estean sometidas a declaración responsable ou licenza non quere dicir, por se mesmo, que sexan da competencia da Xerencia de Urbanismo (o Concello concede licenzas para andamios, calas, gabias, mesas e sillas, etc).*
- Por razón da materia. A necesidade ou non da existencia dun plan de autoprotección determina se ten que solicitarse “licenza” ou basta cunha “declaración responsable”, o cal é unha mostra máis de que neste tipo de eventos o que debe primar e a seguridade e as actuacións a realizar en caso de emerxencia, así como a debida utilización dos bens de dominio público.*

- A tramitación conxunta da autorización para a ocupación do espazo público e as autorizacións para as actividades a as instalacións estruturas non permanentes desmontables.(...)"

De conformidade co informe-proposta enriba transcrito próponse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

ACORDO:

Modificar o paragrafo 1 do acordo da Xunta de Goberno local de 20 de xuño de 2019 polo que se delegan nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 as atribucións nas condicións particulares na Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, para que se inclúan o conxunto das licenzas urbanísticas, coas excepcións xa mencionadas, propoñéndose o seguinte texto:

1. Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas a disciplina e infraccións urbanísticas, declaracións de ruína, ordes de execución e títulos habilitantes de natureza urbanística ou para o exercicio de actividades (licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables), agás as que lle puideran corresponder á outras Concellerías Delegadas en materia de espectáculos públicos e de actividades recreativas de carácter extraordinario ou as que supoñen unha ocupación do dominio público."

A vista da precedente proposta e, de conformidade coas competencias atribuída a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación, formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Modificar o paragrafo 1 do acordo da Xunta de Goberno local de 20 de xuño de 2019 polo que se delegan nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 as atribucións nas condicións particulares na Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, para que se inclúan o conxunto das licenzas urbanísticas, coas excepcións xa mencionadas, propoñéndose o seguinte texto:

1. *Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas a disciplina e infraccións urbanísticas, declaracións de ruína, ordes de execución e títulos habilitantes de natureza urbanística ou para o exercicio de actividades (licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables), agás as que lle puideran corresponder á outras Concellerías Delegadas en materia de espectáculos públicos e de actividades recreativas de carácter extraordinario ou as que supoñen unha ocupación do dominio público.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a precedente proposta.



Concello de Vigo

5(613).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS ANO 2019. EXPTE. 180400/301.

Visto o informe de fiscalización do 08/07/19, dáse conta do informe-proposta do 21/06/19, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto, o xefe de Área e pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

Tramitado o correspondente expediente de subvencións a asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2019, resultan os seguintes feitos:

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14.03.2019 (BOP nº 62, do 29.03.2019 e extracto no BOP nº 64 do 03.04.2019) apróbanse as bases e a convocatoria de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais.

II. Tramitado o expediente conforme ó disposto nas bases da convocatoria, a instructora do expediente, co informe da Comisión de avaliación de data 13.06.2019, formula proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, achegando a Acta da citada Comisión na que se detallan as distintas propostas de concesión e denegación de axudas, sinalando, no seu caso, o concepto e o importe das mesmas.

III. Existe crédito adecuado e suficiente na aplicación nº 2310.489.00.00 (Subvencións a asociacións, entidades, etc. de carácter social) no vixente orzamento de gastos, por un total de 50.000 €.

IV. O reparto do crédito establécese en función da puntuación obtida ó valorar de xeito obxectivo todas as solicitudes.

V. O importe exacto a conceder ascende a 49.808,80€, unha vez minorada a diferenza existente entre a contía que lle correspondería segundo os puntos acadados e o importe solicitado pola entidade "ASOCIACIÓN FADEMGALICIA PLENA INCLUSIÓN GALICIA".

VI. As entidades solicitantes presentaron declaración responsable no Servizo de Benestar social de estar ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Esta declaración substitúe á presentación das certificacións correspondentes, toda vez que as subvencións concedidas están destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social, utilizándose, polo tanto, a simplificación na acreditación, segundo establece o Artigo 31.7 i) da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Artigo 24.4 e 7 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións.

VII. Faise constar tamén que da información que obra no expediente resultaría que cumpren con todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das subvencións.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Conceder con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do vixente orzamento a cantidade de 49.808,80 € en concepto de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2019, segundo o seguinte desglose:

Nº	EXPTE.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUACION OBTIDA	IMPORTE CONCEDIDO
1	182313-301	FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN	PROXECTO VERBAS	21	1.163,40
2	182318-301	SOCIEDAD DE SAN VICENTE DE PAUL EN ESPAÑA	ASISTENCIA ALIMENTARIA Y ATENCIÓN A FAMILIAS Y PERSONAS	22	1.218,80
3	182699-301	FUNDACIÓN TUTELAR GALEGA SÁLVORA	Información e asesoramento en materia de tutela e protec. a pers. con disc. intelectual	24	1.329,60
4	182864-301	AGRUPACIÓN SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	Vive Deportivamente 2019	22	1.218,80
6	183275-301	FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	Progr. Integral de Información y Atención Sociofamiliar a Familiares, Coidadores e Persoas con Enfermidade Mental	24	1.329,60
7	183676-301	DOWN VIGO ASOC PARA EL SÍNDROME DE DOWN	“Move o teu corpo con xeito” Obradoiro de psicomotricidade	24	1.329,60
8	183806-301	ASOC ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	Programa de Rehabilitación Psicosocial do Doente Laringectomizado	24	1.329,60
9	183910-301	ASOCIACIÓN PARKINSON DE VIGO	Parkinson canta	19	1.052,60
10	183985-301	ASOC VIGUESA DE ALCOHOLOGÍA ASVIDAL	Unidade de apoio para o programa de capacitación socio-laboral	26	1.440,40
12	184134-301	ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA AYUVI	Xuntos crecemos	16	886,40
14	184435-301	ASOC GALLEGA DE HEMOFILIA	HEMOESCOLA VIGO. Escola para familias e nenos con hemofilia 2019	17	941,80
15	184438-301	FUNDACIÓN ALDABA	“ACHEGÁNDONOS”	31	1.717,40
16	184509-301	ASOCIACIÓN DOA SAUDE MENTAL	O Tai Chi na rehabilitación psicomotriz en persoas con problemas de saúde mental 2019	24	1.329,60
17	184513-301	FUNDACIÒ ISIDRE ESTEVE	Centro Ponte de Vigo	28	1.551,20
18	184515-301	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA	Taller de teatro para maiores	19	1.052,60
19	184640-301	APAMP ASOC. FAM. PARÁLISE CEREBRAL	Xente independente	19	1.052,60
20	184641-301	FEDERACIÓN COGAMI PONTEVEDRA	Fisioterapia aplicada á mellora da psicomotricidade das persoas con discapacidade de Vigo 2019	24	1.329,60
21	184689-301	ASOCIACIÓN ASPANAEX	Obradoiros alternativos: “os meus recordos” e “a miña formación afectivo-sexual”	18	997,20



Concello de Vigo

Nº	EXPTE.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUACION OBTIDA	IMPORTE CONCEDIDO
22	184709-301	FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	Na rúa Vigo	28	1.551,20
23	184713-301	LA SAL DE LA TIERRA ASOCIACIÓN	Comedor Social "La Sal de la Tierra"	33	1.828,20
24	184753-301	FUNDACIÓN MENIÑOS	VIAXE AO REINO DAS EMOCIÓNS	25	1.385,00
26	184762-301	ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS	SMART SENIORS EN VIGO	21	1.163,40
27	184796-301	ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA DE VIGO	Programación anual de actividades de formación, comunicación e convivencia para o desenvolvemento de competencias persoais e parentales	25	1.385,00
28	184956-301	HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL	Programa de ocio e tempo libre e adquisición de hábitos psíquico-físico saudables	24	1.329,60
29	184959-301	FUNDACIÓN CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	CUME-Atención integral a mulleres inmigrantes (Programa Catimi)	30	1.662,00
30	185005-301	ASDEGAL (ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA)	AXUDA A PERSOAS MAIORES EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL	32	1.772,80
31	185006-301	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	PICO E CUDA EN BEADE 2019	18	997,20
32	185011-301	ASEM GALICIA	"DESAFIANDO REALIDADES": Proxecto de apoio psicosocial dirixido a persoas afectadas por unha enfermidade neuromuscular da cidade de Vigo	20	1.108,00
33	185016-301	ASOC FIBROMIALGICA DE PONTEVEDRA	Ejercicios de Recuperación Funcional (recuperación de movementos)	18	997,20
34	185019-301	ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO	Proxecto de formación en TEA: síndrome asiados e intervención dende o apoio condutual positivo	17	941,80
35	185023-301	ASOCIACIÓN DA 3ª IDADE NEVOX	Na idade de aprender a comunicarnos dixitalmente	19	1.052,60
36	185024-301	ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA	Fisio-Alzheimer 2.0	22	1.218,80
38	185121-301	ASOC NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCIÓN ANHIDA	Terapias grupais para persoas TDAH: psicoloxía e psicopedagogía	23	1.274,20
39	185124-301	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ	Proxecto de acompañamento social 2019 – Somos personas acompañando a persona	29	1.606,60
40	185126-301	ASOCIACIÓN XARUMA	Naturalmente: Proxecto de acompañamentos e respiros familiares para previr a exclusión de persoas con enfermidade mental e fomentar o adestramento de habilidades para unha vida autónoma, promovendo a súa participación na vida comunitaria	27	1.495,80
41	185130-301	FUNDACIÓN IGUAL ARTE	Cor e movemento	16	886,40
46	185473-301	FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA	Servizos de Información, Orientación Laboral e Apoios ao Emprego Específico para Persoas con Discapacidade Intelectual	30	1.500,00
47	185475-301	ASOCIACIÓN VIGUESA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE DE PONTEVEDRA (AVEMPO)	Logopedia en esclerose múltiple	19	1.052,60

Nº	EXPTE.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUACION OBTIDA	IMPORTE CONCEDIDO
48	185476-301	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES	Facilitando o acceso a educación secundaria obrigatoria	24	1.329,60

SEGUNDO: Desestimar as solicitudes de subvencións ás entidades que a seguir se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras aprobadas en Xunta de Goberno Local na súa sesión do 14.03.2019:

Nº	EXPTE.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUACION OBTIDA	MOTIVO DESESTIMACIÓN	IMPORTE CONCEDIDO
5	183010-301	ASOCIACIÓN GALLEGA DE FIBROSIS QUISTICA	Programa de información, sensibilización, para persoas con fibrose quística	0	DESESTIMADA BASE 6°.b)	0,00
11	184003-301	ASOCIACIÓN ENFERMOS DE ARTRITE DE PONTEVEDRA (ASEARPO)	“Coñecendo as Miñas Posibilidades”: Abordaxe dos aspectos psicosociais na artrite	3	DESESTIMADA BASE 3.4	0,00
13	184234-301	ASOCIACIÓN ALCER	XERANDO NOVAS SINERXIAS: A importancia do apoio psicosocial nas persoas con enfermidade renal crónica do concello de Vigo	3	DESESTIMADA BASE 3.4	0,00
25	184758-301	FUNDACIÓN AMIGÓ	PROYECTO CONVIVIENDO VIGO	2	DESESTIMADA BASE 3.4	0,00
37	185120-301	ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA	Ti queres, ti podes!	3	DESESTIMADA BASE 3.4	0,00
42	185235-301	ASOCIACIÓN VENEZOLANOS UNIDOS EN VIGO	Vigo contido, mis panas	2	DESESTIMADA BASE 3.4	0,00
43	185241-301	ASOC DE BULÍMICOS Y ANORÉXICOS DE PONTEVEDRA	Intervención psicoeducativa e social en autoestima e auto-coidado emocional	0	FORA DE PRAZO	0,00
44	185245-301	ASOC DE MULLERES EN IGUALDADE DE VIGO	Segundas oportunidades	2	DESESTIMADA BASE 3.4	0,00
45	185472-301	ASOCIACIÓN DIVERSIDADES	Neoelectores	3	DESESTIMADA BASE 3.4	0,00

TERCEIRO: Publicar este acordo e os seus Anexos no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

6(614).- PRÓRROGA ANUAL DO CONTRATO DE SERVIZOS AUXILIARES DE SUPERVISIÓN DO FUNCIONAMENTO DOS MERCADILLOS E OUTROS EVENTOS (2019-2020). EXPTE. 6466/106.

Visto o informe xurídico do 01/07/19 e informe de fiscalización do 05/07/19, dáse conta do informe-proposta do 27/06/19, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 16 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a INTEGRA MXSI CEE, S.L o procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (5.363-106) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 35.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.074,38 euros.

b) Propón un 25,15% como porcentaxe de redución dos prezos unitarios sen IVE da hora laboral diurna e festiva diurna, previstos na cláusula 3G.”

O presente contrato ten unha duración de un ano conforme ao establecido no apartado 4.A da FEC. e dará comezo ao día seguinte da última sinatura dixital do mesmo (27/07/2018).

Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período dun ano, conforme ao previsto no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

Procede aplicar á prórroga o réxime xurídico establecido no art. 29 da LCSP, toda vez que a adxudicación do contrato realizouse con posterioridade á data de entrada en vigor da LCSP (09/03/2018) e conforme á disposición transitoria primeira da mesma *“os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeráanse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas pola normativa anterior, Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público -TRLCSP -”* ;

O contrato cumpre co establecido no art. 29.2 da LCSP *“podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables durante el período de duración de estas, sin perjuicio de las modificaciones que se puedan introducir de conformidad con lo establecido en los artículos 203 a 207 de la presente Ley.*

La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, siempre que su preaviso se produzca al menos con dos meses de antelación a la finalización del plazo de duración del contrato, salvo que en el pliego que rija el contrato se establezca uno mayor. Quedan exceptuados de la obligación de preaviso los contratos cuya duración fuera inferior a dos meses.

En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes.../

A tal fin, e remitido polo centro xestor Comercio comunicación con data 16/05/19 de preaviso en acceder á prorroga, incorporase ao expediente a aceptación da empresa mediante escrito presentado no Rexistro Xeral con data 20/05/2019.

Polo anteriormente exposto, en tando non se licita o novo contrato xa iniciado con data 14/05/2019 (expte 6351/106), e sendo de interese por parte do concelleiro continuar ca devandita prestación, o concelleiro delegado de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, acordou por resolución de data 21/05/2019 o inicio do expediente de prorroga do contrato indicado.

En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberáse incorporar ao expediente informe xurídico previo a aprobación polo órgano de contratación.

Así mesmo establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xunto co informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral previo a aprobación polo órgano de contratación:

* Prezo do contrato: 35.000 € (IVE incluído), para o cal existe crédito na partida do vixente orzamento 4313 227 9900 “Control mercados de Coia, Bouzas e outros”, correspondendo 15.050 € á anualidade 2019 (43%) e 19.950 € a anualidade 2020 (57%).

A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Polo anteriormente exposto e ante a necesidade de continuar cas prestacións a que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, a Concelleira Delegada que suscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**

“PRIMEIRO.- Aprobar a prórroga anual do contrato de servizos auxiliares de supervisión do funcionamento dos mercadillos e outros eventos(2019-2020), polo importe de trinta e cinco mil euros (35.000 €), IVE incluído.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 35.000 € a favor de **INTEGRA MXSI CEE GALICIA, S.L.**, con cargo á partida 44313 227 9900 “Control mercados de Coia, Bouzas e outros eventos”, con cargo ás seguintes anualidades:

- Ano 2019:** 15.050€, período do 28 de xullo ao 31 de decembro .
- Ano 2020:** 19.950€, período do 01 de xaneiro ao 27 de xullo.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar este no perfil do contratante do Concello de Vigo”.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

7(615).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “LEIVA”, PARA O PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2019” NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS. EXPTE. 7932/335.

Visto o informe de fiscalización do 03/07/19, dáse conta do informe-proposta do 2/07/19, asinado pola técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21/06/19) e pola secretaria de Admon. Municipal, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de “Leiva” para o programa “Vigo en Festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da actuación artística a cargo do artista español “LEIVA”, a celebrar o día 19 de xullo de 2019, as 23:00 horas no Auditorio ao aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2019” (expediente 7932/335), que conten o prego de prescricións técnicas particulares de data 22 de maio de 2019, asinado polo instrutor do expediente, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 7 de xuño de 2019, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.

Segundo.- Autorizar un gasto por un importe total de 99.220,00 euros (dos cales 17.220,00 euros corresponden ao IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- O 25 de xuño de 2019 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a SWEET NOCTURNA, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 26 de xuño de 2019 SWEET NOCTURNA, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello a través da plataforma de licitación electrónica, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 1 de xullo de 2019, reúnense a secretaria de Administración Municipal e a técnica de Administración Xeral de Contratación (por delegación da xefa do Servizo de Contratación do 21.06.19), na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión *“Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a SWEET NOCTURNA, S.L.”* A continuación, abriuse o *“SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”*. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal deixándose constancia no expediente. O cumprimento das súas obrigas tributarias fronte ao Estado e á Comunidade Autónoma e coa Tesourería da Seguridade Social foi acreditado polo licitador no sobre A.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SWEET NOCTURNA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao/á xefe/a do servizo xestor e ao/á xefe/a do Servizo de Contratación ou persoas que designen. A proposta realizarase a favor do empresario determinado ao que poida encomendarse o contrato por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva (artigo 168.a 2º da LCSP) como se xustifica na cláusula 10.1 do PCAP; neste caso, SWEET NOCTURNA, S.L. por ostentar os dereitos exclusivos desta contratación.

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 1 de xullo de 2019 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SWEET NOCTURNA, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de “Leiva” para o programa “Vigo en Festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7932-335) por un prezo total de 99.220,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 17.220,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

8(616).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “LAURYN HILL” PARA O PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2019” NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS. EXPTE. 7931/335.

Visto o informe de fiscalización do 03/07/19, dáse conta do informe-proposta do 2/07/19, asinado pola técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21/06/19) e pola secretaria de Admon. Municipal, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de “Lauryn Hill” para o programa “Vigo en Festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*“**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación da actuación artística a cargo da artista norteamericana “LAURYN HILL”, a celebrar o día 17 de xullo de 2019, as 23:00 horas no Auditorio ao aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2019” (expediente 7931/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 15 de maio de 2019, asinado polo instrutor do expediente, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 7 de xuño de 2019, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.*

***Segundo.-** Autorizar un gasto por un importe total de 332.750,00 euros (dos cales 57,750,00 euros corresponden ao IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.*

***Terceiro.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”*

Segundo.- O 25 de xuño de 2019 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a SWEET NOCTURNA, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 26 de xuño de 2019 SWEET NOCTURNA, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello a través da plataforma de licitación electrónica, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 1 de xullo de 2019, reúnense a secretaria de Administración Municipal e a técnica de Administración Xeral de Contratación (por delegación da xefa do Servizo de Contratación do 21.06.19), na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión “*Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a SWEET NOCTURNA, S.L.*” A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal



Concello de Vigo

deixándose constancia no expediente. O cumprimento das súas obrigas tributarias fronte ao Estado e á Comunidade Autónoma e coa Tesourería da Seguridade Social foi acreditado polo licitador no sobre A.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SWEET NOCTURNA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao/á xefe/a do servizo xestor e ao/á xefe/a do Servizo de Contratación ou persoas que designen. A proposta realizarase a favor do empresario determinado ao que poida encomendarse o contrato por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva (artigo 168.a 2º da LCSP) como se xustifica na cláusula 10.1 do PCAP; neste caso, SWEET NOCTURNA, S.L. por ostentar os dereitos exclusivos desta contratación.

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 1 de xullo de 2019 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SWEET NOCTURNA, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de “Lauryn Hill” para o programa “Vigo en Festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7931-335) por un prezo total de 332.750,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 57.750,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

9(617).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “TOM JONES” PARA O PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2019” NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS. EXPTE. 7933/335.

Visto o informe de fiscalización do 04/07/19, dáse conta do informe-proposta do 2/07/19, asinado pola técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21/06/19) e pola secretaria de Admon. Municipal, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de “Tom Jones” para o programa “Vigo en Festas 2019” no auditorio ao aire libre de Castrelos

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da actuación artística a cargo do artista británico “TOM JONES”, a celebrar o día 23 de xullo de 2019, as 23:00 horas no Auditorio ao aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2019” (expediente 7933/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 21 de maio de 2019, asinado polo instrutor do expediente, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 7 de xuño de 2019, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.

Segundo.- Autorizar un gasto por un importe total de 223.850,00 euros (dos cales 38.850,00 euros corresponden ao IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.



Concello de Vigo

Segundo.- O 25 de xuño de 2019 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a SWEET NOCTURNA, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 26 de xuño de 2019 SWEET NOCTURNA, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello a través da plataforma de licitación electrónica, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 1 de xullo de 2019, reúnense a secretaria de Administración Municipal e a técnica de Administración Xeral de Contratación (por delegación da xefa do Servizo de Contratación do 21.06.19), na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión *“Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir neste procedemento a SWEET NOCTURNA, S.L.”* A continuación, abriuse o *“SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”*. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal deixándose constancia no expediente. O cumprimento das súas obrigas tributarias fronte ao Estado e á Comunidade Autónoma e coa Tesourería da Seguridade Social foi acreditado polo licitador no sobre A.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SWEET NOCTURNA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao/á xefe/a do servizo xestor e ao/á xefe/a do Servizo de

Contratación ou persoas que designen. A proposta realizarase a favor do empresario determinado ao que poida encomendarse o contrato por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva (artigo 168.a 2º da LCSP) como se xustifica na cláusula 10.1 do PCAP; neste caso, SWEET NOCTURNA, S.L. por ostentar os dereitos exclusivos desta contratación.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2018/2019.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos

(www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO II.3.-BALANCE DE INGRESOS E GASTOS DO PROXECTO

BALANCE DE INGRESOS	IMPORTE
Ingresos propios da entidade	€
Ingresos patrocinadores	€
Concello de Vigo	€
Fundación Deporte Galego	€
Deputación de Pontevedra	€
Outros (Especificar cales)...	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL INGRESOS	€

BALANCE DE GASTOS	IMPORTE
Gastos federativos	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos Manutención	€
Gastos material deportivo	€



Concello de Vigo

BALANCE DE GASTOS	IMPORTE
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS (Debe coincidir co importe total de ingresos)	€

Vigo, de de 2019

Sinatura do/da tesoureiro/a:	Conforme do/da Presidente/a:	Selo da entidade:
------------------------------	------------------------------	-------------------

Nota: A entidade solicitante anexará un Anexo II.3 por cada un/unha dos/das deportistas.

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lícito das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2018/2019.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos

(www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO III.1.

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓN OFICIAIS DE ALTO NIVEL NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel no período comprendido entre o 1 de setembro de 2018 e o 30 de agosto do 2019.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cinquenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite". Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta subvención:

–Deportistas de forma individual (ou os seus representantes legais no caso de menores de idade) que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

–Entidades deportivas en representación dos/das deportistas individuais vinculados/as con elas incluídos nos seus programas de participación en competicións de alto nivel, e que cumpran cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

1.- A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ó boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local. A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda de estas axudas, facilitaranse nas oficinas da Concellería de Deportes e na propia paxina web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de deportes, o Xefe de servizo da área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.



Concello de Vigo

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes de 30 de outubro de 2019 (Incluído) o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado si concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

NOVENA.- PAGO.

1.- O pago da subvención terá lugar tras a xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

ANEXO III.2.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA (COMPLETAR UNHA VEZ APROBADO) DE 2019, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓNS OFICIAIS DE ALTO NIVEL NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Contribuír a financiar os gastos orientados a potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel no período comprendido entre o 1 de setembro de 2018 e o 30 de agosto do 2019.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00.

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

Deportistas de forma individual (ou os seus representantes legais no caso de menores de idade) que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria e entidades deportivas en representación dos/das deportistas individuais vinculados/as con elas incluídos nos seus programas de participación en competicións de alto nivel, e que cumpran cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes de 30 de outubro de 2019 (Incluído).

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

11(619).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA (EMD) PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 02/09/2019 E O 01/09/2020. EXPTE 17499/332.

Visto o informe xurídico do 01/07/19 e informe de fiscalización do 04/07/19, dáse conta do informe-proposta do 26/06/19, asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 12 de agosto de 2016, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a Wenceslao Cabezas del Toro o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza (EMD) (expte 17499-332), de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 18/03/2016 e a oferta presentada.

No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de dous anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos, en prórrogas anuais.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 19 de xullo de 2018, acordou unha primeira prórroga do contrato, no período comprendido entre o 02/09/2018 e o 01/09/2019.

En data 29 de maio de 2019, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral (nº rexistro 190079568), don Wenceslao Cabezas del Toro manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria de acollerse a unha nova prórroga do contrato por unha anualidade.

A prestación do servizo de xestión da Escola municipal de danza (EMD) por parte de Wenceslao Cabezas del Toro, actual adxudicatario, estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da segunda prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP.



Concello de Vigo

II. NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001. de 12 de outubro, no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Bases de Execución do Orzamento.

III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP).
- A prórroga dos contratos ven regulada con carácter xeral no artigo 23.2 do TRLCSP e de forma específica para os contratos de servizos no art. 303.1 do TRLCSP, así como no artigo 29.2 da LCSP.
- O contrato, como se sinala nos antecedentes, ten unha duración de dous anos estando prevista no PCA a posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha.
- O adxudicatario "Wenceslao Cabezas del Toro" manifesta (doc 180091520) a súa vontade de continuar prestando os servizos obxecto do contrato no período de prórroga.
- A prórroga realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación respecto das prestacións estipuladas no contrato que non foi modificado dende a súa adxudicación.

IV. COMPETENCIA:

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria primeira que nos contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma (09.03.2018) o réxime das prórrogas rexeráse pola normativa anterior.

O presente contrato regúlase polo establecido no Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo

cal o órgano de contratación competente para aprobar a revisión de prezos é a Xunta de Goberno Local de acordo co previsto na Disposición Adicional 2ª do TRLCSP.

PROPOSTA DE ACORDO

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Autorizar a **prórroga do contrato** para a xestión da **Escola Municipal de Danza (EMD)** (expte 17499-332) para o período comprendido entre o **02/09/2019** e o **01/09/2020**, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que puideran proceder, será de 133.316,04 euros; a súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2019 (02/09/2019-31/12/2019):

48.478,56 €, que se imputarán á partida 3260.227.99.26 (Escola municipal de danza), e bolsa de vinculación.

Ano 2020 (01/01/2020-01/09/2020):

84.837,48 €, que se imputarán á partida 3260.227.99.26 (Escola municipal de danza), e bolsa de vinculación.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

12(620).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA FOLK E TRADICIONAL (E-TRAD) PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 02/09/2019 E O 01/09/2020. EXPTE. 17498/332.

Visto o informe xurídico do 01/07/19 e o informe de fiscalización do 04/07/19, dáse conta conta do informe-proposta do 26/06/19, asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 12 de agosto de 2016, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a Galega de Recursos Educativos Avanzados S.L. (GREDA SL), o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD) (expte 17498-332), de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 29/04/2016 e a oferta presentada.

No prego de cláusulas administrativas fíxase unha duración do contrato de dous anos e establececese a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos, en prórrogas anuais.



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 19 de xullo de 2018, acordou unha primeira prórroga do contrato, no período comprendido entre o 02/09/2018 e o 01/09/2019.

Mediante escrito de data 22 de maio de 2019, don Xaquín Xesteira Losada, como representante de entidade GREDA SL, manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria de acollerse a unha nova prórroga do contrato por unha anualidade.

A prestación do servizo de xestión da Escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD) por parte da empresa actualmente adxudicataria (Greda SL) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da segunda prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP.

II. NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001. de 12 de outubro, no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Bases de Execución do Orzamento.

III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP).
- A prórroga dos contratos ven regulada con carácter xeral no artigo 23.2 do TRLCSP e de forma específica para os contratos de servizos no art. 303.1 do TRLCSP, así como no artigo 29.2 da LCSP.
- O contrato, como se sinala nos antecedentes, ten unha duración de dous anos estando prevista no PCA a posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha.
- A empresa adxudicataria "GREDA SL" manifesta (doc 180091018) a súa vontade de continuar prestando os servizos obxecto do contrato no período de prórroga.
- A prórroga realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación respecto das prestacións estipuladas no contrato que non foi modificado dende a súa adxudicación.

IV. COMPETENCIA:

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria primeira que nos contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma (09.03.2018) o réxime das prórrogas rexeráse pola normativa anterior.

O presente contrato regulase polo establecido no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo cal o órgano de contratación competente para aprobar a revisión de prezos é a Xunta de Goberno Local de acordo co previsto na Disposición Adicional 2ª do TRLCSP.

PROPOSTA DE ACORDO:

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Autorizar a **prórroga do contrato** para a xestión da **Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD)** (expte 17498-332) para o periodo comprendido entre o **02/09/2019** e o **01/09/2020**, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que poideran proceder, será de 217.330,00 euros; a súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2019 (02/09/2019-31/12/2019):

79.029,08 €, que se imputarán á partida 3260.227.99.18 (Escola municipal de música folk e tradicional), e bolsa de vinculación.

Ano 2020 (01/01/2020-01/09/2020):

138.300,92 €, que se imputarán á partida 3260.227.99.18 (Escola municipal de música folk e tradicional), e bolsa de vinculación.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

13(621).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE VIGO (EMMV) PARA O PERIODO COMPRENDIDO ENTRE O 02/09/2019 E O 01/09/2020. EXPTE. 17497/332.

Visto o informe xurídico do 01/07/19 e informe de fiscalización do 04/07/19, dáse conta do informe-proposta do 26/06/19, asinado polo técnico de Actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

I. ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 12 de agosto de 2016, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a ESMUVIGO SCG o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da Escola municipal de música de Vigo -EMMV- (Expte 17497-332), de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 18/03/2016 e a oferta presentada.

No prego de cláusulas administrativas fíxase unha duración do contrato de dous anos e establecece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos, en prórrogas anuais.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 19 de xullo de 2018, acordou unha primeira prórroga do contrato, no período comprendido entre o 02/09/2018 e o 01/09/2019.

En data 16 de maio de 2019, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral (nº rexistro 190073677), don Augusto Rodríguez Cagiao, como representante de entidade ESMUVIGO, Sociedade Cooperativa Galega, manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria de acollerse a unha nova prórroga do contrato por unha anualidade.

A prestación do servizo de xestión da Escola municipal de música de Vigo (EMMV) por parte da empresa actualmente adxudicataria (Esmuvigo SCG) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da segunda prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP.

II. NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001. de 12 de outubro, no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Bases de Execución do Orzamento.

III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP).
- A prórroga dos contratos ven regulada con carácter xeral no artigo 23.2 do TRLCSP e de forma específica para os contratos de servizos no art. 303.1 do TRLCSP, así como no artigo 29.2 da LCSP.
- O contrato, como se sinala nos antecedentes, ten unha duración de dous anos estando prevista no PCA a posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha.
- A empresa adxudicataria “ESMUVIGO SCG” manifesta (doc 180089878) a súa vontade de continuar prestando os servizos obxecto do contrato no período de prórroga.
- A prórroga realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación respecto das prestacións estipuladas no contrato que non foi modificado dende a súa adxudicación.

IV. COMPETENCIA:

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria primeira que nos contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma (09.03.2018) o réxime das prórrogas rexeráse pola normativa anterior.

O presente contrato regulase polo establecido no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo cal o órgano de contratación competente para aprobar a revisión de prezos é a Xunta de Goberno Local de acordo co previsto na Disposición Adicional 2ª do TRLCSP.

PROPOSTA DE ACORDO

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Autorizar a **prórroga do contrato** para a xestión da **Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV)** (expte 17497-332) para o período comprendido entre o **02/09/2019** e o **01/09/2020**, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que poideran proceder, será de 394.440,00 euros; a súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2019 (02/09/2019-31/12/2019):



Concello de Vigo

143.432,72 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.02 (Escola municipal de música), e bolsa de vinculación.

Ano 2020 (01/01/2020-01/09/2020):

251.007,28 €, que se imputarán á partida 3210.227.99.02 (Escola municipal de música), e bolsa de vinculación.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

14(622).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO (EMT) PARA O PERIODO COMPRENDIDO ENTRE O 18/09/2019 E O 17/09/2020. EXPTE. 16769/332.

Visto o informe xurídico do 01/07/19 e informe de fiscalización do 04/07/19, dáse conta do informe-proposta do 26/06/19, asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 28 de agosto de 2015, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a IMAXINERÍA SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro (expte 16769-332), de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e pregos de condicións técnicas aprobados por acordos da Xunta de Goberno Local de 13/03/2015 e 24/04/2015, e a oferta presentada.

No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de catro anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos, en prórrogas anuais. A data de inicio do contrato foi o 17/09/2015.

En data 24 de maio de 2019, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral (nº rexistro 190077273), dona Antonia Céspedes Balongo, como representante de entidade IMAXINERÍA SL, manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria de acollerse a unha prórroga do contrato por unha anualidade.

A prestación do servizo de xestión da Escola municipal de teatro (EMT) por parte da empresa actualmente adxudicataria (Imaxinería SL) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da primeira prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP.

II. NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001. de 12 de outubro, no que non se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Bases de Execución do Orzamento.

III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación a aplicar a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP).
- A prorroga dos contratos ven regulada con carácter xeral no artigo 23.2 do TRLCSP e de forma específica para os contratos de servizos no art. 303.1 do TRLCSP, así como no artigo 29.2 da LCSP.
- O contrato, como se sinala nos antecedentes, ten unha duración de catro anos estando prevista no PCA a posibilidade de dúas prorrogas dun ano cada unha.
- A empresa adxudicataria “IMAXINERÍA SL” manifesta (doc 190077273) a súa vontade de continuar prestando os servizos obxecto do contrato no período de prórroga.
- A prorroga realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación respecto das prestacións estipuladas no contrato que non foi modificado dende a súa adxudicación.

IV. COMPETENCIA:

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria primeira que nos contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma (09.03.2018) o réxime das prórrogas rexerase pola normativa anterior.

O presente contrato regulase polo establecido no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo cal o órgano de contratación competente para aprobar a revisión de prezos é a Xunta de Goberno Local de acordo co previsto na Disposición Adicional 2ª do TRLCSP.

PROPOSTA DE ACORDO



Concello de Vigo

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Autorizar a **prórroga do contrato** para a xestión da **Escola Municipal de Teatro (EMT)** (expte 16769-332) para o período comprendido entre o **18/09/2019** e o **17/09/2020**, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que poideran proceder, será de 92.240,84 euros; a súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2019 (18/09/2019-31/12/2019):

28.790,32 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.03 (Escola municipal de teatro), e bolsa de vinculación.

Ano 2020 (01/01/2020-17/09/2020):

63.450,52 €, que se imputarán á partida 3210.227.99.03 (Escola municipal de teatro), e bolsa de vinculación.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

15(623).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS “AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2019”(RECTIFICADO TÍTULO NA SESIÓN XGL, SENDO O CORRECTO: BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS “AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS” PARA O ANO 2019) EXPTE. 16490/77.

Visto o informe de fiscalización de data 4/07/19, dáse conta do informe-porposta do 14/06/19, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (por atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/2019), polo concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto:

A Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos dando continuidade a súa actividade de fomento de emprego, como medida de apoio ás persoas emprendedoras da nosa cidade, desenvolve o Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, co obxecto de reforzar as axudas que convocan anualmente outras administracións cara ao emprendemento.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime



Concello de Vigo

especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional constituídas no período comprendido entre o 1 de abril de 2018 e o 31 de marzo de 2019 que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria que se achegan no expediente.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

IV. Finalidade:

Esta convocatoria pretende colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais outorgando especial atención á situación social das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo, dándose preferencia aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral, e a creación de emprego, por conta propia ou allea, tal e como recolle a base 1.6 Criterios de avaliación.

V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva. No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada a tal fin, a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de avaliación recollidos na base 1.6 e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

VI. Contido:

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Explicítase a necesidade de asinar electrónicamente a solicitude e os documentos indicados nas bases reguladoras, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.
- Para garantir o cumprimento dos requisitos e obrigas se inclúe o requisito 1.3.7 “Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior”.
- No apartado 1.4 Obrigas, a obriga de manter a actividade empresarial pasa a ser de dous anos desde o inicio da actividade empresarial, para favorecer o seu cumprimento.

- No apartado 1.5 Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables pasa a considerar os gastos a subvencionar correspondentes aos tres meses anteriores e os tres meses posteriores ao inicio da actividade empresarial.
- No apartado 1.5.c especificase que non son subvencionables os conceptos de fianzas e garantías.
- No apartado 1.5.d subvencionarase o 50% dos gastos de contratación de seguros e suprímese o cálculo da contía proporcional dos meses a subvencionar das convocatorias que lle preceden.
- No apartado 1.6.1 Criterios de baremación de solicitudes se incorpora o criterio 6 polo que sumarán 2 puntos de baremo aquelas solicitudes que non precisen requirimento para completar a documentación presentada.
- No apartado 1.7 Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas adáptase o contido segundo a obriga do apartado 1.4 de manter a actividade empresarial dous anos desde o inicio da actividade empresarial.
- No apartado 3.2 Comisión de Valoración e seguimento especificase que o concelleiro delegado será quen resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da dita comisión.
- Na base 4.2 Documentación adáptase o contido segundo as especificacións do art. 14.2 LPAC para a presentación das facturas a subvencionar.
- Na base 4.3 Prazo de presentación nesta convocatoria pasa a ser de 10 días hábiles dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP.
- Na base 5ª Concesión das axudas e tramitación do pagamento se amplía o prazo de resolución e notificación do procedemento a nove meses contados a partir da publicación da convocatoria, dacordo coa LSG. Así mesmo, segundo o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3 se informa dun prazo adicional e improrrogable de quince días no caso do remate do prazo para a xustificación da axuda sen presentarse ésta. Finalmente se incorpora un parágrafo para o caso de que a beneficiaria solicite a devolución dos orixinais presentados.
- Modifícase a Base 7ª. Tratamento de datos de carácter persoal e o Anexo I. Solicitud, para a súa adaptación ao vixente marco normativo en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Na base 8.2 Renuncia se incorpora que “A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio orzamentario.” coa finalidade de garantir o cumprimento das bases reguladoras e convocatoria.
- No Anexo I actualízase o contido relativo aos datos de contacto a efectos de notificación.
- Elimínase o Anexo IX para autorización de consulta e verificación telemática de datos, de non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo da convocatoria anterior e incorpórase a súa referencia e co seu contido actualizado no Anexo I.Solicitud.
- No Anexo VIII. Declaración responsable do perceptor incorpórase a declaración de que a documentación dixitalizada achegada é fiel reprodución da orixinal e a veracidade dos datos reflectidos na documentación achegada.

En xeral, realizáronse correccións e adaptacións nalgúns parágrafos para unha maior comprensión do texto e a correspondente actualización de datas.



Concello de Vigo

VII. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2019 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIII. Contía total e crédito orzamentario:

Para a convocatoria do ano 2019 destas "Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa" destínase un importe total de **70.000,00€** (setenta mil euros), da partida orzamentaria 2410 470 00 01 denominada "Axudas á creación de empresas" do vixente orzamento do 2019.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitiuse o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

IX. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Axudas municipais á creación de empresas" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais publicaranse na páxina web (www.vigo.org) e facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta) a disposición dos usuarios.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

X. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2019 que se achegan no expediente.

SEGUNDO. Aprobar o gasto por importe total de 70.000,00 € (setenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2019.



Concello de Vigo

TERCEIRO. Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e as bases reguladoras da convocatoria das “Axudas Municipais á Creación de Empresas” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais na páxina web (www.vigo.org) e facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos (Casa do Concello – 4ª planta) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS BASES REGULADORAS 2019

Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.1. Finalidade
- 1.2. Beneficiarios/as
- 1.3. Requisitos
- 1.4. Obrigas
- 1.5. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables
- 1.6. Criterios de avaliación
- 1.7. Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas

Base 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 3.1. Instrución e tramitación das axudas
- 3.2. Comisión de Valoración e Seguimento

Base 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- 4.1. Solicitudes
- 4.2. Documentación
- 4.3. Prazo de presentación

Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

Base 6ª. PUBLICIDADE

- 6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras das axudas
- 6.2. Publicidade das subvencións outorgadas
- 6.3. Publicidade do financiamento público

Base 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Base 8ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN. S.

Base 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Base 10ª. DISPOSICIÓN. S. ADICIONAIS

Base 11ª. DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

- ANEXO I. Solicitud.
- ANEXO II. Declaración responsable do cumprimento dos requisitos.
- ANEXO III. Declaración responsable do cumprimento dos criterios de avaliación.
- ANEXO IV. Declaración responsable doutras axudas e de axudas en réxime de minimis.
- ANEXO V. Memoria xustificativa do proxecto empresarial.
- ANEXO VI. Relación de facturas presentadas.
- ANEXO VII. Consulta do padrón municipal.
- ANEXO VIII. Declaración responsable do perceptor.

Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. Finalidade

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2019 do programa de Axudas Municipais para a Creación de Empresas, no ámbito do Concello de Vigo, coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

1.2. Beneficiarios/as

Poderán concorrer a esta convocatoria pública entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Para acollerse a estas axudas terán que iniciar a súa actividade empresarial no municipio entre o **1 de abril de 2018 e o 31 de marzo de 2019** (entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E.) que



Concello de Vigo

teñan viabilidade técnica, económica e financeira e que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos.

1.3. Requisitos

1. Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Vigo.
2. Que sexan empresas de nova creación, considerando incluídos, neste concepto, os traspasos de negocios.
3. Que o/a promotor/a cree o seu propio posto de traballo e estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial, en calquera das formas xurídicas existentes. No caso de varias persoas promotoras como mínimo o 50% do capital social da empresa será de titularidade de persoas que previamente estivesen en situación de desemprego.
4. Que se atopen ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo, a empresa e os/as promotores/as. **No caso das formas xurídicas SL, SLL e SA só referirase á sociedade.** O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos **agás oposición expresa do interesado** que reflectirá no/s apartado/s correspondente/s no reverso do Anexo I, **en cuxo caso xuntará a/s certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
5. Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade. Entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE). Este requisito non se aplicará cando a actividade empresarial anteriormente desenvolvida fose realizada por persoas autónomas colaboradoras ou por persoas promotoras non traballadoras na empresa cunha porcentaxe de participación igual ou inferior ao 10% do capital social da empresa.
6. Que ningún do/s promotor/es tivese recibido a subvención do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas do Concello de Vigo nos 4 anos anteriores á data de inicio da nova actividade.
7. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.
8. Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (nin a empresa nin os/as promotores/as).

O solicitante será quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e poder optar a esta axuda.

En calquera caso, o/a solicitante desta axuda autoriza ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local para a consulta e comprobación dos datos e certificados acreditativos necesarios nos departamentos administrativos responsables.

1.4. Obrigas

De acordo co establecido nos artigos 14 LXS e 11 LSG serán **obrigas da empresa beneficiaria:**

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención durante un tempo non inferior a dous anos desde

o inicio da actividade empresarial, salvo cesamento por causas alleas a súa vontade e que deberá acreditar.

- Comunicar calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.
- Declarar as subvencións e axudas solicitadas ou concedidas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- Para os efectos de difusión pública deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o modelo normalizado subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberá manterse exposto ata o 31 de marzo de 2020.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o que deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Proceder ao reintegro, total o parcial, da subvención percibida nos supostos previstos nos artigos 36-37 da LXS e 32-33 da LSG e nos casos previstos nestas bases reguladoras e convocatoria.

1.5. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables

As axudas teñen por finalidade subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. **O importe máximo destas axudas será de 3.000€** por empresa beneficiaria e **non poderá superar o 50% dos gastos efectuados** durante o período indicado nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado polos/as promotores/as.

Os **gastos** que poderán ser **subvencionables corresponderán aos tres meses anteriores e aos tres meses posteriores ao inicio da actividade**, agás os gastos de constitución e apertura que poderán corresponder ao período comprendido desde os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes.

Gastos subvencionables:

a) Gastos de constitución e apertura

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- a1. visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos
- a2. Comunicación previa de inicio de actividade, Comunicación previa de obra e/ou Comunicación previa de Cambio de titularidade
- a3. Honorarios do Rexistro Mercantil
- a4. certificación negativa do nome da sociedade
- a5. honorarios de notarías por escrituras públicas
- a6. publicación no BORME
- a7. Modelo 600 da Xunta de Galicia de constitución da empresa.

b) Existencias iniciais de mercadorías.

Serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción ou servizo.



Concello de Vigo

c) Gastos de aluguer:

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos de aluguer sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa:

- c1. local
- c2. vehículo industrial
- c3. aplicacións e equipos informáticos.

Ademais do correspondente xustificante do gasto achegarase o documento acreditativo do contrato de arrendamento para o que se solicita subvención. Non son subvencionables os conceptos de fianzas e garantías.

d) Primas de seguros

Serán subvencionables o 50% dos gastos de contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial (seguro do local, de responsabilidade civil e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que sexa imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).

Para a xustificación do gasto achegarase o documento acreditativo de cada unha das pólizas concertadas para as que se solicita subvención.

e) Subministracións e gastos correntes

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- e1. auga
- e2. teléfono
- e3. electricidade
- e4. gasóleo / gasolina⁽¹⁾
- e5. material de oficina
- e6. asesoría
- e7. gas
- e8. equipos de seguridade nas súas instalacións (só a cota mensual)⁽²⁾
- e9. gastos de difusión da actividade empresarial

⁽¹⁾ Sempre que sexa imprescindible na actividade a desenvolver.

⁽²⁾ Para a xustificación do gasto achegarase documento acreditativo do contrato do servizo de seguridade subscrito para o que se solicita subvención.

f) Dereitos de propiedade industrial

Serán subvencionables o 50% dos seguintes dereitos:

- f1. patentes
- f2. modelos de utilidade
- f3. deseño industrial
- f4. marcas de produtos ou servizos
- f5. nomes comerciais
- f6. dominio en Internet

g) Imposto de vehículos de Tracción Mecánica (IVTM). Será subvencionable o 50% do custo do dito imposto. Só poderá subvencionarse un vehículo por empresa e sempre que sexa imprescindible para a actividade a desenvolver (transportista, comercial,...).

Todos os gastos referidos poderán ser subvencionados sempre que as facturas estean expedidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa ademais de cumprir cos requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, tal e como se recolle na base 5ª.

Todas as facturas deberán indicar o seu importe en euros ou, no seu defecto, presentar xunto coa factura xustificante de pagamento acreditativo do seu valor correspondente en euros.

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, e en ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. No caso de dúbida relativa a estes gastos será a Comisión de Valoración quen decida.

1.6. Criterios de avaliación

1.6.1. Criterios de baremación das solicitudes

A concesión das axudas realizarase a través da comparación das solicitudes presentadas e graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

1. Emprendedores/as co certificado do Concello de Vigo necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta de Galicia e/ou que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (ata 10 puntos).

Empresas que obtiveron o certificado emitido polo concello de ILE	4 puntos
Empresas que obtiveron o certificado emitido polo concello de PEIM	6 puntos

2. Situación social das persoas promotoras que crean o seu posto de traballo (ata 20 puntos).

Avaliarase na medida na que as persoas promotoras autoempregadas acrediten a súa pertenza a colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- Persoa desempregada de longa duración ⁽¹⁾
- Que sexa o seu primeiro emprego
- Menor de 30 anos
- Maior de 45 anos
- Muller
- Discapacitado/a ⁽²⁾
- Persoa pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social ⁽³⁾
- Persoa que esgotase a súa prestación de desemprego ou subsidio ⁽⁴⁾
- Persoa que forme unha familia monoparental ⁽⁵⁾
- Persoa que forme unha familia numerosa ⁽⁶⁾

Por cada condición que reúna cada unha das persoas promotoras autoempregadas	2 puntos
--	----------

3. Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración (ata 20 puntos). No caso de xornadas parciais puntuarase de xeito proporcional, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación.



Concello de Vigo

Por cada emprego creado, por conta propia ou allea a tempo completo de duración mínima de 3 meses	2 puntos
---	----------

4. Que as persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa por un período mínimo de 3 meses estean empadroadas no Concello de Vigo (ata 20 puntos). No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación.

Por cada persoa, promotora autoempregada e/ou contratada por conta allea ou persoa autónoma colaboradora vinculada á empresa, empadroada no Concello de Vigo	2 puntos
--	----------

5. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (2 puntos).

Para acadar puntuación neste criterio achegarse calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).

Emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa	2 puntos
--	----------

6. Que a presentación da solicitude estea completa, sen ter que facer ningún tipo de requirimento (2 puntos).

Presentación de solicitude completa que non precisa facer requirimento	2 puntos
--	----------

⁽¹⁾ *Parados/as de longa duración serán aqueles que estivesen sen traballo durante polo menos 12 dos anteriores 16 meses, se a súa idade fose igual ou maior de 25 anos, e 6 dos últimos 8 se fosen menores de 25 anos.*

⁽²⁾ *Terá a condición de persoa con discapacidade aquela que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou maior que o 33% e o acredite de xeito documental.*

⁽³⁾ *Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.*

⁽⁴⁾ *Acreditarase esta condición mediante a certificación do servizo Público de Emprego Estatal do feito do esgotamento da prestación por desemprego de nivel contributivo e/ou do subsidio de desemprego e a data de remate da súa percepción.*

⁽⁵⁾ *Considerarase familia monoparental aquela que reúna as condicións da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia. A condición de familia monoparental acreditarase mediante o xustificante de empadramento conxunto que non será necesaria si presenta asinada a consulta do Anexo VII. No caso de familia monoparental empadroada noutro concello será necesario aportar o xustificante de empadramento conxunto do seu concello.*

⁽⁶⁾ *A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido ao efecto.*

1.6.2. Criterios para o outorgamento das axudas segundo o baremo

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación.

Para isto as solicitudes ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.5. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houberse crédito orzamentario para unha ou algunha delas teranse en conta os seguintes criterios de desempate na orde de prelación na que se relacionan:

- 1º. Puntuación máis alta no número de postos de traballo creados.
- 2º. Puntuación máis alta respecto á situación social das persoas promotoras que se autoempreguen.
- 3º. Puntuación máis alta en relación ás persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa empadroadas no Concello de Vigo.

De continuar o empate, repartirase a contía dispoñible proporcionalmente segundo o importe que lles correspondería no caso de que houberse orzamento, todo iso sempre ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

1.7. Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas

De ser o caso, deberá comunicarse o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude e que determinará a desestimación da axuda ou a modificación da resolución de concesión.

A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de dous anos contados desde o inicio da actividade empresarial. O servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local poderá realizar as comprobacións que estime oportunas, ben mediante requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicarse ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local no prazo dun mes desde a súa modificación.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada, antes de que transcorrese un ano desde o inicio da actividade empresarial será causa de reintegro total da subvención. A partires deste ano, o cese da actividade ou a modificación das condicións da subvención, dará lugar ao reintegro do 50% da subvención, salvo tamén causa xustificada ou que o incumprimento das condicións se aproximase substancialmente ao cumprimento.

En todo caso, se a Administración municipal apreciase mala fe ou fraude nos motivos do cese da actividade ou do cumprimento das condicións da subvención procederá ao reintegro do importe íntegro da subvención.

Base 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES.



Concello de Vigo

- O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
 - c) O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.
 - d) Segundo o Regulamento UE Núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352/1, do 24 de decembro de 2013), cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de “minimis”, por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superarse en todo caso o límite de 200.000€ nun período de tres exercicios fiscais, ou 100.000€ no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada.
- Excluíranse as solicitudes presentadas por persoas socias de sociedades mercantís, cooperativas e sociedades laborais e os autónomos colaboradores.
- Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axuda desta concellería.

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

3.1. Instrución e tramitación das axudas

- O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio, logo da aprobación pola Xunta de Goberno Local e da publicación das presentes bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes e tramitarase en réxime de **concorrenza competitiva**: a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de avaliación recollidos na base 1.6 e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.
- O servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos será o encargado da revisión e tramitación das solicitudes e poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales informará a Comisión de Valoración e propondrá a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.
- Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún

caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de Editos, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, e poderase notificar de xeito individual polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía. As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

3.2. Comisión de Valoración e Seguimento

Existirá unha Comisión de Valoración das solicitudes e Seguimento das subvencións concedidas, que estará composta por:

- d) Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos ou persoa en quen delegue.
- e) Xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que actuará como secretario.
- f) Un/Unha técnico/a do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

A comisión contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo.

O concelleiro delegado da área resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida comisión.

O persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local será o encargado de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo, levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas para o que poderá realizar de oficio cantas actuación estime necesarias e requirir a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para formular a proposta de resolución e aquelas polas que se concedeu a subvención.

Base 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

4.1. Solicitudes



Concello de Vigo

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), serán os seguintes suxeitos:

- as persoas xurídicas
- quen/es exerzan unha actividade que requira a colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio da dita actividade profesional.

Xa que logo, **os obrigados legalmente deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo** <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

No caso de que se achegue a solicitude e/ou a documentación complementaria presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica.

Os solicitantes non obrigados poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria, en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos.

4.2. Documentación

Os solicitantes non obrigados polo artigo 14.2 da LPAC, poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria, en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos.

Os solicitantes obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.
- os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

- Anexo I.** Solicitude: solicitude de participación con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións.
- Anexo II.** Declaración responsable do cumprimento dos requisitos

- Anexo III.** Declaración responsable do cumprimento dos criterios de avaliación
- Anexo IV.** Declaración responsable doutras axudas e de axudas en réxime de minimis
- Anexo V.** Memoria xustificativa do proxecto empresarial.
- Se o solicitante é **persoa xurídica**: copia do **documento de constitución** da empresa e, de ser o caso, documentación acreditativa da **representatividade suficiente para actuar en nome da entidade** de quen asina a solicitude.
- Alta no IAE** da entidade ou empresario/a individual que solicita a axuda **ou documento equivalente**.
- Alta no réxime da Seguridade Social ou certificado da mutualidade do colexio profesional** correspondente **das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo**.
- Vida laboral das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo e de todos os promotores cunha porcentaxe de participación superior ao 10% do capital social** da empresa.
- Facturas dos gastos para os que se solicita a subvención**, xunto coa copia da póliza do seguro e/ou do contrato de aluguer no seu caso. Computaranse as facturas sempre que estean expedidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa e cos importes en euros (no seu defecto, achegarase xustificante de pagamento acreditativo do seu valor en euros).

As facturas, que serán orixinais, deberán cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación (non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas).

- **Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** das facturas orixinais en papel e/ou dos demais documentos de valor probatorio equivalente **para os solicitantes obrigados e aqueles que opten voluntariamente (art. 14.2 LPAC)**.

- **Facturas orixinais** polo importe total da subvención outorgada **para os solicitantes non obrigados (art. 14.2 LPAC)**.

- Anexo VI. Relación de facturas presentadas**, correspondentes aos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, apartado 1.5.
- Comunicación previa** de inicio de actividade, Comunicación previa de obra ou Comunicación previa de Cambio de titularidade **cando sexa necesaria para o desenvolvemento da actividade**.
- Certificados e/ou documentos que a persoa solicitante estime oportunos para a súa avaliación.

Documentación a presentar para a avaliación (punto 1.6 das bases):

- Certificado emitido polo concello de ILE/PEIM**, declaración da súa obtención ou número de expediente da súa concesión.
- Certificados ou documentos que demostren a situación social das persoas promotoras autoempregadas segundo o apartado 1.6** Criterios de avaliación.
- Anexo VII. Consulta do padrón municipal ou**, no seu defecto, **xustificante de empadramento**.
- No caso de contratación de persoal:**
 - Persoal por conta allea:
 1. Informe de Vida laboral completo das persoas traballadoras contratadas.
 2. Copia do/s contrato/s de traballo rexistrado/s no servizo Público de Emprego (SPEG).
 3. Volante de empadramento ou, no seu defecto, Anexo VII. Autorización para solicitar información do padrón municipal do persoal contratado.
 - Autónomo/a colaborador/a:
 1. Informe de Vida laboral completo.
 2. Alta na Seguridade Social das persoas traballadoras (no que figure o seu vínculo coa empresa).
 3. Volante de empadramento ou, no seu defecto, Anexo VII. Autorización para solicitar información do padrón municipal do persoal contratado.
- Calquera medio de proba do emprego da lingua galega** na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).
- Certificados e/ou documentos que a persoa solicitante estime oportunos para a súa avaliación.



Concello de Vigo

A xustificación do pagamento dos gastos obxecto da subvención deberase acreditar a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o emisor e o receptor do pagamento.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración quen decida.

Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (PAC), no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións, sempre que se faga constar a data e órgano ou a dependencia na que foron presentados, ou, se é o caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer e cando non transcorreran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle ao solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Cando a documentación achegada sexa incompleta ou defectuosa requirirase á empresa solicitante para que nun prazo improrrogable de dez días hábiles emende a falta ou aporte a documentación preceptiva, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistida da súa solicitude arquivándose previa resolución segundo o establecido no artigo 68 da LPAC, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

4.3. Prazo de presentación

O **prazo de presentación** de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

1. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración.
2. O prazo para resolver será, como máximo, de nove meses desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello.

Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Contra a desestimación expresa do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

3. En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

4. A resolución do procedemento publicárase no **Taboleiro de Editos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na súa páxina web** www.vigo.org e poderase notificar de xeito individual polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía, no prazo de dez días desde a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

5. As empresas beneficiarias das axudas están obrigadas **no prazo de dez días** a contar desde o día seguinte ao **da súa notificación** a comunicar ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte **documentación para a xustificación da subvención**, no prazo anteriormente sinalado:

a) **Anexo VIII. Declaración responsable do perceptor**, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que a documentación dixitalizada que se achega é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.
- Que as facturas subvencionadas, relacionadas e presentadas cumpren o establecido no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación; ou relación clasificada dos gastos totais, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. A empresa beneficiaria poderá solicitar os datos necesarios para cubrir o dito anexo ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e presentarse asinado e con data actualizada.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi



Concello de Vigo

practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse a tal efecto unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou acordo de exención do IVE).

A empresa beneficiaria poderá solicitar os datos necesarios para cubrir o dito anexo ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

b) **Anexo IV. Declaración responsable doutras axudas e de axudas en réxime de minimis**, actualizada.

c) **Fotografía do cartel** informativo da subvención colocado nun lugar visible do local. O cartel informativo será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberase manter exposto cando menos ata o 31 de marzo de 2019.

O **prazo** para a **presentación** desta documentación será de **10 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da notificación** da concesión da correspondente axuda.

Conforme establece o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

O servizo de participación Cidadá e Desenvolvemento Local que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención no momento do pago, sen prexuízo do seguimento do mantemento das condicións ou tratamento da subvención durante o prazo de dous anos esixidos.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando o motivo da subvención e o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Base 6ª. PUBLICIDADE

6.1. Publicidade da convocatoria e bases reguladoras das axudas

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

9. As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
10. A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

Estas bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concillería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e na oficina de Información do Concello de Vigo.

6.2. Publicidade das subvencións outorgadas

A relación de todos os solicitantes e a resolución do outorgamento das axudas publicarase na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no portal de transparencia do Concello de Vigo e poderase notificar, de xeito individual, polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

A publicidade das axudas que se concedan ao amparo destas bases reguladoras e convocatoria estará suxeita aos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.3. Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un **cartel**, de forma visible, que informe de que a actividade está financiada polo Concello de Vigo. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberá manterse exposto, cando menos, ata o 31 de marzo de 2020.

Base 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As entidades solicitantes e beneficiarios poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Base 8ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

8.1. Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro:

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

No caso da percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a

co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

8.2. Renuncia:

A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da correspondente renuncia cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio orzamentario.

8.3. Infraccións e sancións:

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o previsto nas Leis 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Base 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Base 10ª. DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.01 "Axudas á creación de empresas" do presuposto municipal para o ano 2019, cun importe total de 70.000€ (setenta mil euros).

Segunda

A presente convocatoria e as axudas outorgadas ao abeiro dela cumprirán as directrices establecidas na comunicación da Comisión relativa ás axudas de "minimis".

Base 11ª. DISPOSICIÓN FINAL



Concello de Vigo

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2019

Primeiro. Obxecto

O Concello de Vigo convoca subvencións para a concesión de axudas económicas ás empresas de nova creación constituídas legalmente como tales coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

A tal efecto, para acollerse a estas axudas terán que iniciar a súa actividade empresarial no municipio entre o 1 de abril de 2018 e o 31 de marzo de 2019 (entendendo por inicio de actividade o alta no IAE) que teñan viabilidade técnica, económica e financeira e que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras, entre os que cabe subliñar:

Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Vigo.

Que o/a promotor/a cree o seu propio posto de traballo e estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial, en calquera das formas xurídicas existentes. No caso de varias persoas promotoras, como mínimo o 50% do capital social da empresa será de titularidade de persoas en situación de desemprego e, na mesma porcentaxe, como mínimo, crearán o seu posto de traballo.

Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coas administracións local, autonómica e estatal e coa Seguridade Social.

Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.

Segundo. Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Terceiro. Réxime da convocatoria.

A convocatoria realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

Cuarto. Normativa e Bases reguladoras.

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos

básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Quinto. Contía

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.01 denominada "Axudas á creación de empresas" do presuposto municipal para o ano 2019, cun importe total de 70.000€ (setenta mil euros).

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de 3.000€ por empresa beneficiaria e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados nin exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores/as.

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correspondentes aos tres meses anteriores e aos tres meses posteriores ao inicio da actividade, agás os gastos de constitución e apertura, que poderán corresponder ao período comprendido dende os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes:

- a) Gastos de constitución e apertura.
- b) Existencias iniciais de mercadorías.
- c) Gastos de aluguer.
- d) Primas de seguros.
- e) Subministracións e gastos correntes.
- f) Dereitos de propiedade industrial.
- g) Imposto de vehículos de Tracción Mecánica

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación. Para isto as solicitudes ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto nas bases reguladoras, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será de **10 días hábiles**, a contar **dende o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Concello de Vigo

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación admitidos.

Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación.

O servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local será o encargado da tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, fará a súa proposta de outorgamento das axudas. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que a emende no prazo máximo de dez días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

O persoal técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A Xunta de Goberno Local, no prazo de nove meses desde o remate do prazo de solicitude destas axudas, será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

A resolución do procedemento será publicada no taboleiro de edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na páxina web do concello www.vigo.org e poderase notificar de xeito individual polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía.

Oitavo. Criterios de valoración

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinada para tal fin no presente exercicio.

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación. Para isto as solicitudes ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto nas bases reguladoras, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta os seguintes criterios de desempate:

- 1º. Puntuación máis alta no número de postos de traballo creados.
- 2º. Puntuación máis alta respecto á situación social das persoas promotoras que se autoempreguen.
- 3º. Puntuación máis alta en relación ás persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa empadroadas no Concello de Vigo.

De continuar o empate, repartirase a contía dispoñible proporcionalmente segundo o importe que lles correspondería no caso de que houbese orzamento, todo iso sempre ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Emprendedores/as co certificado do Concello de Vigo necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta de Galicia e/ou que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (ata 10 puntos).
2. Situación social das persoas promotoras que crean o seu posto de traballo (ata 20 puntos).

Esta puntuación valorarase na medida na que se acredite que as persoas promotoras autoempregadas sexan pertencentes aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- Persoa desempregada de longa duración
- Que sexa o seu primeiro emprego
- Menor de 30 anos
- Maior de 45 anos
- Muller
- Discapacitado/a
- Persoa pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social



Concello de Vigo

- Persoa que esgotase a súa prestación de desemprego ou subsidio
 - Persoa que forme unha familia monoparental
 - Persoa que forme unha familia numerosa
3. Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración (ata 20 puntos). No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación.
2. Que as persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa por un período mínimo de tres meses estean empadroadas no Concello de Vigo (ata 20 puntos). No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación.
5. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (2 puntos). Para acadar puntuación neste criterio achegarase calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).
6. Que a presentación da solicitude estea completa sen ter que facer ningún tipo de requirimento (2 puntos).

Noveno. Outros datos

As bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos (Casa do Concello, 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e na oficina de información do Concello de Vigo.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

Décimo. Publicación

As Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO DE DD/MM/AAAA, POLO QUE SE CONVOCAN AS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2019

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Segundo. Obxecto

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva e atendendo a criterios obxectivos, de axudas económicas ás empresas de nova creación constituídas legalmente como tales coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

A tal efecto, para acollerse a estas axudas terán que iniciar a súa actividade empresarial no municipio entre o 1 de abril de 2018 e o 31 de marzo de 2019 (entendendo por inicio de actividade o alta no IAE) que teñan viabilidade técnica, económica e financeira e que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras, entre os que cabe subliñar:

1. Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Vigo.
2. Que o/a promotor/a cree o seu propio posto de traballo e estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial, en calquera das formas xurídicas existentes. No caso de varias persoas promotoras, como mínimo o 50% do capital social da empresa será de titularidade de persoas en situación de desemprego e, na mesma porcentaxe, como mínimo, crearán o seu posto de traballo.
3. Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coas administracións local, autonómica e estatal e coa Seguridade Social.
4. Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.

Terceiro. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de dd/mm/aaaa, e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

Cuarto. Contía

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.01 denominada "Axudas á creación de empresas" do presuposto municipal para o ano 2019, cun importe total de 70.000€ (setenta mil euros).

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de 3.000€ por empresa beneficiaria e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados nin exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores/as.

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correspondentes aos tres meses anteriores e aos tres meses posteriores ao inicio da actividade, agás os gastos de constitución e apertura, que



Concello de Vigo

poderán corresponder ao período comprendido dende os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes:

- a) Gastos de constitución e apertura.
- b) Existencias iniciais de mercadorías.
- c) Gastos de aluguer.
- d) Primas de seguros.
- e) Subministracións e gastos correntes.
- f) Dereitos de propiedade industrial.
- g) Imposto de vehículos de Tracción Mecánica

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación. Para isto as solicitudes ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto nas bases reguladoras, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será de **10 días hábiles**, a contar **dende o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación admitidos.

Sexto. Outros datos

As bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos (Casa do Concello, 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e na oficina de información do Concello de Vigo.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

16(624).-SUBSANACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 06/06/19 DE APROBACIÓN DE PROXECTO E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO “VIGO CAPACITA VI”. EXPTE. 16486/77.

Dáse conta do informe-porposta do 5/07/19, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (por atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/2019), polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No DOG. núm. 88, do 09 de maio, publicouse a Orde do 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código do procedemento TR353A).

II. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 06/06/2019, acordou:

Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VI”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “ORDE do 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, publicado no DOG. núm. 88, do 09 de maio.

Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2019 e 2020, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

Delegar no Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “VIGO CAPACITA VI”.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.



Concello de Vigo

III. Unha vez analizada a documentación por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, fórmulase requirimento asinado en data 27/06/19 polo xefe de servizo de Orientación e Promoción Laboral (recibido en data 01/07/19) a fin de proceder á súa subsanación, sendo preciso achegar o Orzamento e financiamento do proxecto, rectificando o erro de cálculo da Seguridade Social dos alumnos traballadores, xunto co Informe sobre estratexias de desenvolvemento e perspectivas de emprego.

Unha vez corrixidos os cálculos do orzamento do proxecto, a subvención a solicitar á presente convocatoria sería de 336.446,00 €, en lugar dos 324.896,00 € que contemplada inicialmente o proxecto de Obradoiro FORMAWEB III.

A achega municipal estimada en 20.001,00 €, a incluír nas correspondentes partidas municipais dos anos 2019 e 2020 dos orzamentos municipais de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia, non se ve alterada pola presente rectificación.

Dacordo co informe asinado polo Interventor Xeral Municipal de data 31/05/2019, que consta no expediente: *o expediente que se está a tramitar que ten por finalidade solicitar ante a Concellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia unha subvención para a financiación do Obradoiro de Emprego Vigo Capacita VI, é en tanto non se outorgue, non é un acto xerador de dereitos e obrigas con cargo ao orzamento, polo que, nun principio non é un acto suxeito a fiscalización previa, e a súa remisión a este servizo de fiscalización, tan só limitase a informar sobre a existencia de crédito para facer fronte aos compromisos do Concello se esta resultase beneficiada polas axudas, informándose de conformidade, achegándose os certificados de crédito que se solicitan.*

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe da Intervención Xeral Municipal que obra no expediente, do disposto no artigo 127.g) da LMMGL e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

ÚNICO: Subsanan o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 06/06/2019, dacordo co requirimento efectuado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria recibido o 01/07/19, que quedaría co seguinte tenor literal:

- 1. Aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VI", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.*
- 2. Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto por importe de 336.446,00 €, de acordo co establecido na ORDE do 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de*

emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, publicado no DOG. núm. 88, do 09 de maio.

3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2019 e 2020, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4. Delegar no Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego "VIGO CAPACITA VI".

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(625).-DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS, NOS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2019. EXPTE. 12272/446.

Dase conta do informe-proposta de data 5/07/19 asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao sinalado no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), que no seu punto 4 dispón que:

"A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.

Quedan excptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores."



Concello de Vigo

formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

Expte	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data resolución	Importe
12022/446	CM-SUB	Adquisición de papeleiras	Contenur, SL	1710.6090000	08/05/2019	3.027,84 €
9435/446	CMO	Obras de reparación do Palco da música da Alameda de Bouzas	Construccionen Castro Figueiró, SLU	1710.6190016	09/04/2019	29.347,21 €
11983/446	CMO	Obras de mellora e reparación na Praza da Miñoa	Construccionen Chao de Lamas, SL	1710.2100000	08/05/2019	43.988,95 €
11953/446	CMSE	Desbroce e corta de árbores en Camiño Caramuxo e Finca do Conde	Derribos MF, SL	1710.2100000	11/04/2019	14.278,00 €
11980/446	CM-SUB	Subministro de atril para placa conmemorativa no entorno da Alameda de Bembrive	Electricidad y Contratas Edison Galicia, SL	1710.6090000	24/04/2019	907,50 €
11956/446	CMSE	Coordinación de seguridade e saúde das obras de reparación do Palco da música da Alameda de Bouzas	Martínez García, Alejandro.	1710.6190016	05/04/2019	834,90 €
11955/446	CMSE	Dirección das obras de reparación do Palco da música da Alameda de Bouzas	Proyegal Ingeniería, SL	1710.6190016	05/04/2019	2.178,00 €
11957/446	CMSE	Control arqueolóxico da remoción de terras na rehabilitación do Palco da música de Bouzas	Tomos Conservación, Restauración, SL	1710.6190016	05/04/2019	827,28 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

18(626).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE XUÑO DE 2019. EXPTE. 2613/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 8/07/19, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, aprobadas polo Pleno con data 26/12/2018, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de xuño de 2019.

Expediente	2584-334. Realización de 5 actividades de normalización da lingua galega no verán de 2019 incluídas no programa “No verán... un conto”
Resolución concelleira	data 5 de xuño de 2019
Informe Intervención	RC 39198
Adxudicatario	Ernesto Suárez Is
Importe	1.177,50 euros

Expediente	2585-334. Realización de 3 contadas en lingua galega neste verán de 2019 para público familiar
Resolución concelleira	data 5 de xuño de 2019
Informe Intervención	RC 39270
Adxudicatario	Sonsoles Cordón Troncoso
Importe	705,88 euros

Expediente	2586-334. Realización de 3 concertos de música infantil en galego
Resolución concelleira	data 5 de xuño de 2019
Informe Intervención	RC 39746
Adxudicatario	Muidiño, Sociedade Cooperativa Galega (Cé, orquestra pantasma)
Importe	2.314,13 euros

Expediente	2587-334. Realización de 4 concertos de música infantil en galego, dirixidos a público familiar “Cantos e contos para coidar a terra”
Resolución concelleira	data 14 de xuño de 2019
Informe Intervención	RC 40704
Adxudicatario	Servando Barreiro Fernández
Importe	880,00 euros



Concello de Vigo

Expediente	2589-334. Realización de 6 charlas-obradoiros científicos (<i>Confías na ciencia?</i> , <i>Ciencia ou maxia</i> , <i>Bocados de ciencias</i>) e 2 cafés científicos, neste verán de 2019 en diferentes espazos da cidade
Resolución concelleira	data 12 de xuño de 2019
Informe Intervención	RC 41719
Adxudicatario	Ceo aberto, S.L. (David Ballesteros)
Importe	4,356,00 euros

Expediente	2593-334. Realización de 3 contadas en lingua galega neste verán 2019 para público familiar
Resolución concelleira	data 15 de xuño de 2019
Informe Intervención	RC 41720
Adxudicatario	Andrea Vázquez Fernández
Importe	605,00 euros

Expediente	2595-334. Realización de 2 espectáculos de títeres, contacontos e obradoiros para nenos e nenas neste verán 2019
Resolución concelleira	data 12 de xuño de 2019
Informe Intervención	RC 41721
Adxudicatario	Esteban Acuña Lagos (nome artístico: Tarabelos)
Importe	594,00 euros

Expediente	2597-334. Realización de 3 concertos de música infantil en galego neste verán de 2019
Resolución concelleira	data 14 de xuño de 2019
Informe Intervención	RC 42384
Adxudicatario	Pablo Andrés Díaz Carro
Importe	1.980,00 euros

Expediente	2598-334. Realización de 2 contadas en lingua galega neste verán 2019 para público familiar, a coordinación, chegarase aos lugares das actividades, levar a publicidade... das actividades dirixidas a público infantil e familiar, así como a memoria final destas
Resolución concelleira	data 14 de xuño de 2019
Informe Intervención	RC 42385
Adxudicatario	Ana María Vázquez Facchini
Importe	1.161,60 euros

Expediente	2599-334. Realización de 11 carteis de lona pendurables impresos co logo do concello e máis co lema "Vigo en galego" (minidisplyas) como soportes publicitarios
Resolución concelleira	data 14 de xuño de 2019
Informe Intervención	RC 42386
Adxudicatario	Somosmagenta, S.L.
Importe	675,69 euros

Expediente	2602-334. Realización de 3 actividades: 2 de xogos tradicionais (xunto con xogos lingüísticos) e 1 <i>Na procura do tesouro</i> , xogo con diferentes actividades (pistas, xogos de habilidade, lingüísticos...) para nenos e nenas neste verán 2019
Resolución concelleira	data 24 de xuño de 2019
Informe Intervención	RC 42647
Adxudicatario	Pequetrasnos, S.L.
Importe	907,50 euros

19(627).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DE 2019. EXPTE. 9526/307.

Dáse conta do informe-proposta de data 2/07/19, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En cumprimento da lexislación de aplicación sobre contratos menores (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público), este servizo de Patrimonio Histórico propón dar conta á Xunta de Goberno Local dos tramitados durante o segundo trimestre de 2019. Estes contratos foron adxudicados á oferta máis vantaxosa econonómicamente ou á única que se presentou. Se inclúen no listado os contratos menores tramitados no marco do V PROGRAMA MUNICIPAL DE MEDIANEIRAS E OUTROS ESPAZOS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA:

Expte (307)	concepto	adxudicatario	importe (euros)
9514	Organización e xestión da actividade "CONTOS DE INDIANOS" no verán de 2019 como actividade cultural -música e teatro- no equipamento municipal Finca Solita	Cora Velasco Pedrosa NIF 77413220G	4308,36
9489	Edición e impresión de folletos informativos sobre as actividades previstas no equipamento municipal do CIMR de representación histórica (campaña verán 2019)	RIBALDE SL, CIF B36616761	296,45
9477	Recreación histórica no Centro de Interpretación do Mundo Romano, á beira do xacemento arqueolóxico Villa romana de Toralla, durante a campaña de verán 2019	Asociación Cultural e Recreativa Miramvicus CIF G27836618	14995



Concello de Vigo

Expte (307)	concepto	adxudicatario	importe (euros)
9492	Infraestrutura técnica de son para as actividades de recreación histórica previstas no Centro de Interpretación do Mundo Romano á beira do xacemento arqueolóxico villa romana de Toralla, durante o verán de 2019	Fernando Durán González (Audivisuales Vigo) NIF 39510103J	1948,10
9399	Subministración de 6 bolardos para a súa colocación nos accesos ao xacemento Villa romana de Toralla (incluíndo colocación),	REFORVIGO SL CIF B36660520	1941,11
9420	Subministración de 4000 folletos informativos (2000 en castelán e 2000 en galego) para a divulgación no Centro de Interpretación do Mundo Romano do xacemento arqueolóxico Villa romana de Toralla	RIBALDE SL CIF B36616761	943,80
9348	Subministración de material funxible para reparación dos danos e desperfectos ocasionados nos muíños municipais do Severo, en Cabral, ocasionados tralo último temporal	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS CIF B-36746584	2202,20
9472	Subministración dunha nova placa corrixida para o edificio coñecido como "Pardo Labarta" na Porta do Sol, cambiando o nome que aparece na actualidade "Eduardo" polo correcto de "Eudoro"	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL CIF B-36917201	254,10
9470	Subministración dun tratamento combinado entre insecticidas ecolóxicos e a loita biolóxica que pode rematar coa infestación do buxo do xardín histórico de Castrelos	SALNESVIN CIF B-36373264	269,39
9402	Contratación da organización, preparación e xestión da exposición dos murais da "Batalla Mural" da actividade CREA VIGO nas instalacións de A Casa das Artes, dentro do V Programa municipal para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública	Producción e Xestión Cultural SL NIF B36743755	3097,60
9500	Contratación da edición (deseño, elaboración de contidos, maquetación e produción) de 1000 polípticos que recollan todas as medianeiras e murais elaborados dende o ano 2015	Data Xestión Cultural SL CIF B27800051	1506,45
9392	Contratación da atención protocolaria e de representación aos participantes no Quinto programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública	David Fariña Nieto NIF 36164399G	640
9471	Subministración do material necesario para o desenvolvemento da actividade organizada pola Asociación de familias de persoas con parálise cerebral (APAMP) "ENREDANDO NA RÚA", como colaboración do Concello de Vigo coa mesma e dentro do Quinto programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública	María Elena Vilaboa Salgueiro (Mercería Lena) NIF 76991027E	1086,6

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

20(628).- MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CONVOCATORIA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN E REDACCIÓN DUN ÚNICO TEXTO. EXPTE. 33742/220.

Dáse conta do informe-proposta do 08/07/19, da técnica de Admon. Xeral, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/12/2015 procedeuse á aprobación dos Criterios de funcionamento da mesa xeral de negociación (expediente n.º 26.805/220).

II.- O citado acordo, foi modificado por acordo da Xunta de Goberno local de data 22/11/2018 (expte nº. 32981-220), e acordo da Xunta de Goberno Local, de data 22/03/2019 (expte nº 33742-220).

III .- Con data de sinatura electrónica, a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal ditou instrución de servizo nos seguintes termos: *“Ordenar no contexto do marco legal vixente, que pola Área de Recursos Humanos se proceda á tramitación administrativa de expediente para a aprobación dunha proposta de modificación dos criterios da mesa xeral de negociación (acordo da XGL de 04/12/2015, expediente nº 26.805/220) **concretada na eliminación do período de 10 días previo á convocatoria de mesa xeral ordinaria establecido**, en aras de garantir unha maior axilidade no desenvolvemento das sesións ordinarias.*

Igualmente, procédase e incorporar todas as modificacións efectuadas ata a data nun único texto, a fin de dotar de coherencia e uniformidade aos criterios existentes, dispoñendo a súa inserción na Intranet Municipal para público coñecemento.”

IV.- Constan incorporados ao presente expediente electrónico, a plena conformidade sindical (trámite 70- certificación punto 9 MODIFICACIÓN CRITERIOS DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN (Expte nº 33.742/220)-sesión extraordinaria e urxente da Mesa xeral de negociación do 30 de abril de 2019).

En consecuencia, procédese á emisión de informe-proposta de acordo ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A negociación colectiva -derivada do recoñecemento dos dereitos de sindicación, folga e negociación colectiva previstos no artigo 25 da Constitución de 1978 como dereitos fundamentais, así como do seu desenvolvemento legal contemplado na Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical- atópase regulada, para o ámbito das Administracións Públicas, no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, así como, no que resulte de aplicación ao persoal laboral, no previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Así, o TREBEP establece no seu artigo 34 a obriga de constitución da negociación da Mesa Xeral de Negociación, no marco da cal se desenvolverá a actividade de negociación colectiva en todas aquelas materias e condicións



Concello de Vigo

de traballo comúns ao persoal funcionario, estatutario e laboral de cada Administración Pública, nos termos do contemplado na propia Lei.

Os criterios vixentes permitiron unha notable mellora e simplificación dos procedementos a través dos cales se articula a negociación colectiva, dotando á dita actividade da máxima seguridade xurídica.

II.- O punto VII dos criterios de funcionamento da mesa xeral de negociación, no seu apartado segundo, establece *“As convocatorias das sesións ordinarias, xunto coa correspondente orde do día, enviaranse cunha antelación mínima de 5 días á data de celebración. Previamente, a Secretaría efectuará un anuncio da convocatoria cunha antelación mínima de 10 días, para que as partes podan efectuar a súa proposta da orde do día que, en todo caso, será incluída.”*

O deber de negociar de boa fe se exise tanto na fase de iniciación do proceso negociador como no seu desenvolvemento e finalización, aínda que non cabe dúbida de que é a partir do momento en que comencan as deliberacións cando está a desempeñar o seu papel principal. Considerando a conveniencia de garantir unha maior axilidade no desenvolvemento das sesións ordinarias, e conseguintemente maior efectividade da negociación, elo sen prexuízo das necesarias garantías xurídicas; logo da conformidade de todos os sindicatos coa nova redacción do punto VII dos criterios de funcionamento da mesa xeral de negociación, nos termos que se manifestaron na sesión extraordinaria e urxente da Mesa xeral de negociación do 30 de abril de 2019 - cinco días de anuncio e cinco de convocatoria -, e que constan na certificación do punto 9 - MODIFICACIÓN CRITERIOS DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN (EXPEDIENTE No 33.742/220) incorporado ao expte 33742-220 (trámite 70); procede modificar o punto VII, apartado 2º que quedaría redactado nos seguintes termos *“As convocatorias das sesións ordinarias, xunto coa correspondente orde do día, enviaranse cunha antelación mínima de 5 días á data de celebración. Previamente, a Secretaría efectuará un anuncio de convocatoria cunha antelación mínima de 5 días, para que as partes podan efectuar a súa proposta da orde do día que, en todo caso, será incluída.”*

III.- De conformidade co réxime de atribucións contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 da norma indicada. En consecuencia, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 20/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Modificar o punto VII - RÉXIME DE CONVOCATORIA E CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS – no seu apartado segundo (parágrafo primeiro) dos criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Vigo, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/12/2015 (expediente n.º 26.805/220) e modificados polos acordos da Xunta de Goberno Local de data 22/11/2018 (expte 32981-220) e 22/03/2019 (expte n.º 33742-220), que quedará redactado segundo o teor literal seguinte:

“2. As convocatorias das sesións ordinarias, xunto coa correspondente orde do día, enviaranse cunha antelación mínima de 5 días á data de celebración. Previamente, a Secretaría efectuará un anuncio de convocatoria cunha antelación mínima de 5 días, para que as partes podan efectuar a súa proposta da orde do día que, en todo caso, será incluída.”

SEGUNDO.- Unificar nun texto único os criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Vigo, contidos no Anexo único ao presente acordo e que forman parte inseparable do mesmo, de conformidade con informe-proposta que antecede.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á Secretaría Xeral (Goberno Local e Pleno), Intervención Xeral Municipal, Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e Xefaturas de Área da mesma); Dirección do Gabinete da Alcaldía e Comité de Persoal para traslado aos sindicatos con representación no Concello de Vigo, e sindicato CSIF, dispoñendo a súa inserción na Intranet Municipal.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO ÚNICO

“CRITERIOS DE FUNCIONAMENTO DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN NO CONCELLO DE VIGO

I.-DEFINICIÓN E COMPETENCIAS.

Para a negociación de todas aquelas materias e condicións de traballo comúns ao persoal funcionario, estatutario e laboral de cada Administración Pública, se constituirá na Entidade Local respectiva unha Mesa Xeral de Negociación.

Son competencias propias da Mesa Xeral a negociación das materias relacionadas con condicións de traballo comúns aos empregados públicos do seu ámbito.

Dependendo da Mesa Xeral de Negociación e por acordo das mesmas, poderán constituirse Mesas Sectoriais, en atención ás condicións específicas de traballo das organizacións administrativas afectadas ou ás peculiaridades de sectores concretos de funcionarios públicos e ao seu número.

A competencia das Mesas Sectoriais extenderase aos temas comúns aos funcionarios do sector que non teñan sido obxecto de decisión por parte da Mesa Xeral respectiva ou a los que ésta explícitamente lles reenvíe ou delegue.

II.- CONSTITUCIÓN E COMPOSICIÓN DAS MESAS DE NEGOCIACIÓN.



Concello de Vigo

As Mesas a que se refiren os artigos 34, 36.3 e disposición adicional decimoterceira do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, texto refundido do EBEP) quedarán válidamente constituídas cando, ademais da representación da Administración correspondente, e sen prexuízo do dereito de todas as Organizacións Sindicais lexitimadas a participar nelas en proporción á súa representatividade, tales organizacións sindicais representen, como mínimo, a maioría absoluta dos membros dos órganos unitarios de representación no ámbito de que se trate.

As variacións na representatividade sindical, a efectos de modificación na composición das Mesas de Negociación, serán acreditadas polas Organizacións Sindicais interesadas, mediante o correspondente certificado da Oficina Pública de Rexistro competente, cada dous anos a partires da data inicial de constitución das citadas Mesas.

A designación dos componentes das Mesas corresponderá ás partes negociadoras, que poderán contar coa asistencia nas deliberacións de asesores, que intervirán con voz, pero sen voto.

A composición numérica das Mesas, en ausencia de regulación legal expresa, será determinada por resolución da Concellería-delegada con competencias en materia de persoal e recursos humanos, e en todo deberá respectar o límite contemplado no texto refundido do EBEP, sen que ningunha das partes poda superar o número máximo de quince membros. Para o ámbito do Concello de Vigo, se fixa 1 membro titular e 1 suplente por cada un dos sindicatos.

Tamén estarán presentes na Mesa Xeral as organizacións sindicais que formen parte da Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas sempre que obtivesen o 10 por 100 dos representantes a persoal funcionario ou persoal laboral no ámbito correspondente á Mesa de que se trate.

A representación das organizacións Sindicais lexitimadas para estar presentes dacordo co disposto nos artigos 6 e 7 da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical, distribuirase en función dos resultados obtidos nas eleccións aos órganos de representación do persoal, Delegados de Persoal, Xuntas de Persoal e Comités de Empresa, no conxunto das Administracións Públicas.

Serán materias obxecto de negociación nesta Mesa as relacionadas no artigo 37 do texto refundido do EBEP e normativa de procedente e concordante aplicación.

A Mesa Xeral estará composta por unha Presidencia, unha Secretaría, os representantes das organizacións sindicais representativas (1 titular e 1 suplente), debendo designar cada sindicato os membros (titulares e suplentes) que lle correspondan, con obriga de comunicación á Presidencia da Mesa, que resolverá a composición da Mesa Xeral.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade acudirán ás sesións da Mesa Xeral os/as suplentes, nomeados/as previamente por resolución do órgano competente para a súa designación.

III.- A PRESIDENCIA DA MESA XERAL: TITULARIDADE E FUNCIÓNS.

O/a presidente/a da Mesa Xeral será o/a Concelleiro/a que teña delegadas da Excma. Alcaldía as competencias en materia de persoal e recursos humanos.

En caso de avocación competencial ou ausencia de delegación, a Presidencia corresponderá á Excma. Alcaldía, ex artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Corresponde á Presidencia da Mesa Xeral do Concello de Vigo:

- Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e o establecemento da orde do día, tendo en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros formuladas como mínimo con 5 días de antelación.
- Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- Dirimir co seu voto os empates, a efectos de adoptar acordos.
- Asegurar o cumprimento das leis.
- Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- Impulsar a tramitación e execución dos acordos adoptados na Mesa.
- Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Presidente da Mesa.
- No caso de vacante, ausencia, enfermidade, ou outra causa legal, o/a Presidente/a será substituído/a seguindo o réxime de substitución previsto na lexislación de réxime local para concelleiros/as delegados/as.

IV.- A SECRETARÍA DA MESA XERAL: TITULARIDADE E FUNCIÓNS

Asistirá como Secretario/a, con voz pero sen voto, un funcionario/a de Administración Local con habilitación de carácter nacional, pertencente á subescala de Secretaría, clase superior, que teña a condición de titular da fe pública municipal nos términos da lexislación vixente, ou ben un/unha funcionario/a en quen delegue, que en todo caso deberá ser un Técnico/a de Administración Xeral (rama xurídica) subgrupo A1 de titulación, funcionario/a de carreira do Concello de Vigo.

Corresponde á Secretaría da Mesa Xeral de Negociación:

- Asistir ás reunións con voz pero sen voto.
- Efectuar a convocatoria das sesións por orde da Presidencia, así como as citacións ós membros da Mesa Xeral.
- Recibir dos membros da Mesa Xeral os actos de comunicación, notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
- Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.
- Expedir certificacións das consultas, dictames e acordos aprobados.
- Custodiar a documentación da Mesa Xeral, coa obriga de devolver, unha vez rematadas a sesións da Mesa, os expedientes que por motivos de tramitación administrativa deban ser restituídos aos servizos xestores.
- Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario/a, incluíndo informar aos membros da Mesa Xeral sobre o estado dos acordos adoptados na anterior acta aprobada.



Concello de Vigo

V.- ASISTENCIA TÉCNICA E XURÍDICA Á MESA XERAL

Asistirán, en caso de ser requeridos pola Presidencia ao efecto, con voz pero sen voto, e sen ter a condición de membros, a Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal, a Xefatura de Recursos Humanos, e o persoal técnico dos servizos de Recursos Humanos, Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, que exercerán funcións específicas de asesoramento técnico, xurídico e económico especializado á Mesa, sen prexuízo do cal poderá asistir calquera funcionario/a técnico/a superior ou medio cando sexa previamente requerido ao efecto pola Concellería-delegada que ostente as competencias en materia de persoal e recursos humanos.

VI.- FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES DOS MEMBROS DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN

1. Corresponde ós membros da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Vigo:
 - a) Recibir, cunha antelación mínima de cinco días para as sesións ordinarias e 24 horas para as extraordinarias, a convocatoria contendo a orde do día das reunións, estando a información sobre os temas que figuren na orde do día á súa disposición na Secretaría da Mesa Xeral en igual prazo.
 - b) Participar nos debates das sesións.
 - c) Exercer o seu dereito ó voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
Non poderán absterse nas votacións quen pola súa cualidade de autoridade ou persoal ao servizo das Administracións Públicas, teñan a condición de membros da Mesa Xeral.
 - d) Formular rogos e preguntas.
 - e) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
 - f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de membros da Mesa Xeral.

As responsabilidades e obrigas dos membros da Mesa Xeral son as que se contemplan na lexislación vixente con carácter xeral para a representación sindical e para os empregados públicos no exercicio das súas funcións, establecéndose o deber de sigilo profesional das informacións a que tivesen acceso como consecuencia da súa actuación como membros da Mesa, nos termos do establecido nos artigos 52 a 54 do texto refundido do EBEP e Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

VII.- RÉXIME DE CONVOCATORIA E CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS

1. As sesións da Mesa Xeral de Negociación poden ser:
 - a) Sesións ordinarias: celebraranse cunha periodicidade mínima de unha sesión cada 6 meses.
 - b) Sesións extraordinarias: sen a periodicidade anterior, poderase reunir a Mesa Xeral cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- A instancias da Presidencia, con base na urxencia dos asuntos a tratar.
- Cando o solicite algunha das partes, previa xustificación da urxencia.

2. As convocatorias das sesións ordinarias, xunto coa correspondente orde do día, enviaranse cunha antelación mínima de 5 días á data de celebración. Previamente, a Secretaría efectuará un anuncio de convocatoria cunha antelación mínima de 5 días, para que as partes podan efectuar a súa proposta da orde do día que, en todo caso, será incluída.

As convocatorias das sesións extraordinarias e urxentes efectuaranse cunha antelación mínima de 24 horas. sen prexuízo do cal poderase realizar unha convocatoria nun período inferior, sempre que todas as partes lexitimadas para a negociación colectiva estén dacordo.

A tal efecto, deberán acreditarse documentalmente pola parte que solicite a convocatoria extraordinaria e urxente, os extremos seguintes:

- . a necesaria motivación da urxencia consonte ao interese xeral.
- . o acordo da totalidade dos sindicatos lexitimados para a negociación colectiva na celebración extraordinaria e urxente da sesión que se pretende convocar.

As sesións extraordinarias e urxentes deberán incluír no seu primeiro punto da orde do día a ratificación da urxencia, que esixirá maioría absoluta do número legal de membros, en garantía dos dereitos dos mesmos.”

VIII.- ADOPCIÓN DE ACORDOS NA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN

Os acordos serán adoptados por consenso entre as partes lexitimadas para a negociación colectiva, nos termos do réxime negocial contemplado con carácter xeral no texto refundido do EBEP.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estén presentes tódolos membros da Mesa Xeral e se declare a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Poderase facerse constar na acta a manifestación contraria ó acordo adoptado, por parte dalgún dos seus membros, e os motivos que a xustifiquen.

Nun primeiro momento, e con carácter previo aos informes que garanten a viabilidade técnica, xurídica e económica do expediente, poderase someter a negociación unha proposta técnica debidamente asinada, de carácter meramente organizativo.

Sen prexuízo do anterior, en todo caso, para a adopción do acordo definitivo polo órgano competente, deberá someterse a negociación o expediente concluso.

Os acordos adoptados pola Mesa Xeral serán trasladados ao órgano competente do Concello de Vigo, previa a tramitación administrativa procedente por parte dos servizos e/ou unidades xestoras, aos efectos que procedan en relación co réxime de atribución



Concello de Vigo

competencial establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e normativa de concordante aplicación.”

IX.- APROBACIÓN DAS ACTAS

O/a Secretario/a levantará acta de cada sesión, que especificará necesariamente aos asistentes, a orde do día, lugar de celebración, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebre, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros da Mesa Xeral, o voto ou pronunciamento contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustificuen ou o sentido do seu voto ou pronunciamento favorable. Calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que aporte no acto, ou no prazo que sinale a Presidencia, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose constar na acta ou uníndose copia á mesma.

Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular ou pronunciamento individualizado por escrito no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ó texto aprobado.

Cando os membros do órgano voten ou se pronuncien en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, no seu caso, poda derivarse dos acordos adoptados.

As actas se aprobarán na mesma ou na seguinte sesión, puidendo non obstante emitir o/a Secretario/a certificación sobre os acordos específicos que se adopten, sen prexuízo da posterior aprobación da acta.

Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta se fará constar expresamente tal circunstancia.

X.-PROCESO DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA

O proceso de negociación abrirase, en cada Mesa, na data que, de común acordo, fixen a Administración correspondente e a maioría da representación sindical.

A falta de acordo, o proceso iniciarase no prazo máximo de 1 mes dende que a maioría dunha das partes lexitimadas o promova, salvo que existan causas legais ou pactadas que o impidan.

Ambas partes estarán obrigadas a negociar baixo o principio da boa fe e proporcionarse mutuamente a información que precisen relativa á negociación.

XI.-ÁMBITO MATERIAL DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as materias seguintes:

- **a)** A aplicación do incremento das retribucións do persoal ao servizo das Administracións Públicas que se estableza na Lei de Orzamentos Xerais do Estado e das Comunidades Autónomas.

- **b)** A determinación e aplicación das retribucións complementarias dos funcionarios.
- **c)** As normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo, e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos.
- **d)** As normas que fixen os criterios e mecanismos xerais en materia de avaliación do desempeño.
- **e)** Os plans de Previsión Social Complementaria.
- **f)** Os criterios xerais dos plans e fondos para a formación e a promoción interna.
- **g)** Os criterios xerais para a determinación de prestacións sociais e pensións de clases pasivas.
- **h)** As propostas sobre dereitos sindicais e de participación.
- **i)** Os criterios xerais de acción social.
- **j)** As que así se establezan na normativa de prevención de riscos laborais.
- **k)** As que afecten ás condicións de traballo e ás retribucións dos funcionarios, cuxa regulación esixa norma con rango de Lei.
- **l)** Os criterios xerais sobre ofertas de emprego público.
- **m)** As referidas a calendario laboral, horarios, xornadas, vacacións, permisos, mobilidade funcional e xeográfica, así como os criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos, naqueles aspectos que afecten a condicións de traballo dos empregados públicos.

2.- Quedan excluídas da obrigabilidade da negociación, as materias seguintes:

- **a)** As decisións das Administracións Públicas que afecten ás súas potestades de organización.
Cando as consecuencias das decisións das Administracións Públicas que afecten ás súas potestades de organización teñan repercusión sobre condicións de traballo dos funcionarios públicos contempladas no apartado anterior, procederá a negociación de ditas condicións coas Organizacións Sindicais a que se refere este Estatuto.
- **b)** A regulación do exercicio dos dereitos dos cidadáns e dos usuarios dos servizos públicos, así como o procedemento de formación dos actos e disposicións administrativas.
- **c)** A determinación de condicións de traballo do persoal directivo.
- **d)** Os poderes de dirección e control propios da relación xerárquica.



Concello de Vigo

- e) A regulación e determinación concreta, en cada caso, dos sistemas, criterios, órganos e procedementos de acceso ao emprego público e a promoción profesional.

XII.- PRINCIPIOS RECTORES DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Nos termos do establecido no artigo 33 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, a negociación colectiva de condicións de traballo estará suxeita aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia, e efectuarase mediante o exercicio da capacidade representativa recoñecida ás organizacións sindicais nos artigos 6.3.c); 7.1 e 7.2 da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical, e na propia lei previamente indicada.

XIII.- PACTOS E ACORDOS

No seo da Mesa Xeral de Negociación, a representación sindical e o Goberno Local poderán acadar pactos e acordos sobre as materias obxecto da súa competencia, nos termos do ámbito material da negociación colectiva e dos principios rectores indicados.

Os pactos celebraranse sobre materias que se correspondan estrictamente co ámbito competencial do órgano administrativo que o suscriba e aplicaranse directamente ao persoal do ámbito correspondente.

Os acordos versarán sobre materias competencia dos órganos de goberno das Administracións Públicas. Para a súa validez e eficacia será necesaria a súa aprobación expresa e formal por estes órganos.

Os pactos e acordos que, de conformidade co establecido no artigo 37, conteñan materias e condicións xerais de traballo comúns ao persoal funcionario e laboral, terán a consideración e efectos previstos neste artigo para os funcionarios e no artigo 83 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, para o persoal laboral.

Os pactos e acordos nos seus respectivos ámbitos e en relación coas competencias de cada Administración Pública, poderán establecer a estrutura da negociación colectiva, así como fixar as regras que han de resolver os conflitos de concorrencia entre as negociacións de distinto ámbito e os criterios de primacía e complementariedade entre as diferentes unidades negociadoras.

Garantízase o cumprimento dos pactos e acordos, salvo cando excepcionalmente e por causa grave de interese público derivada dunha alteración sustancial das circunstancias económicas, os órganos de goberno das Administracións Públicas suspendan ou modifiquen o cumprimento de pactos e acordos xa firmados, na medida estrictamente necesaria para salvagardar o interese público, ou cando esta suspensión se realice en cumprimento de norma con rango de lei.

Neste suposto, as Administracións Públicas deberán informar ás organizacións sindicais das causas da suspensión ou modificación.

Aos efectos do previsto no artigo 32 e 38.10 do texto refundido do EBEP, entenderase, entre outras, que concorre causa grave de interese público derivada da alteración sustancial das circunstancias económicas cando as Administracións Públicas deban adoptar medidas ou plans de axuste, de equilibrio das contas públicas ou de carácter económico-financeiro para asegurar a estabilidade orzamentaria ou a corrección do déficit público, conforme establece a disposición adicional segunda do Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Salvo acordo en contrario, os pactos e acordos prorrogaranse anualmente se non mediase denuncia expresa dunha das partes.

A vixencia do contido dos pactos e acordos unha vez concluída a súa duración, producirase nos termos que os mesmos establecesen.

Os pactos e acordos que sucedan a outros anteriores os derogan na súa integridade, salvo os aspectos que expresamente se acorde manter.

XIV.- CRITERIOS INTERPRETATIVOS DA ACTIVIDADE NEGOCIAL NO MARCO DA MESA XERAL

En todo o non recollido expresamente nos presentes criterios serán de aplicación as previsións contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e conseguíntes modificacións; Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común e Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público; e demais normativa específica do sector público local susceptible de aplicación directa e/ou supletoria.”

21(629).- ACTUALIZACIÓN DA RPT SEGUNDO O ORZAMENTO DO ANO 2019. EXPTE. 34062/220.

Visto o informe de fiscalización do 09/07/19, dáse conta do informe-proposta do 28/06/19, asinado pola técnica de Formación e Avaliación, o técnico de Organización e Planificación, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria celebrada o 26 de decembro de 2018, aprobou con carácter definitivo o Orzamento Xeral do Concello, que deberá rexer durante o exercicio do ano 2019, así como o do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, cos resúmenes por capítulos, así como os estados consolidados dos mesmos, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 248, de 28 de decembro seguinte.



Concello de Vigo

O conxunto documental que integra o Capítulo I do Proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2019 contén así mesmo o documento económico do Cadro de persoal orzamentario –competencia residenciada no Pleno ex artigo 123.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local nos municipios sometidos ao réxime de gran poboación-.

No orzamento aprobado, vistas as necesidades urxentes dos Servizos de Benestar Social e Extinción de Incendios e, a obrigatoriedade da creación do Tribunal de recursos contractuais locais, así como doutras accións necesarias a levar a cabo ao obxecto de adecuar o Cadro de persoal as necesidades reais da organización, realizáronse a racionalización das prazas existentes mediante a amortización destas e a creación de novas prazas, así como a adscrición de distintos postos, creación de servizos, etc

O art. 6.1 da Carta Europea de Autonomía Local sinala a necesidade da adecuación das estruturas e dos medios administrativos ós cometidos das entidades locais ó dicir que “sen prexuízo das disposicións xerais creadas pola Lei, as entidades locais deben poder definir por sí mesmas as estruturas administrativas internas coas que pretenda dotarse, co obxecto de adaptalas ás súas necesidades específicas e ao fin de permitir unha xestión eficaz”.

De conformidade co art. 90.2 da Lei 7/1985, d3 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local(LBRL), “as Corporacións Locais formarán a relación de todos os posto de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública”. Segundo o art. 74 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público(TREBEP), “as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditos instrumentos serán públicos”.

Pola súa parte, o art. 202.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG), dispón que “as entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas”.

De tal xeito, é necesario efectuar a actualización da vixente RPT, segundo o cadro de persoal aprobado polo Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 26 de decembro de 2018, así como a incorporación das reasignacións de efectivos realizadas, sen que elo implique modificación do aprobado nin afecte ás condicións de traballo nin ás retribucións do persoal municipal.

Preceptividade da negociación colectiva.-

Trátase única e exclusivamente da actualización da vixente RPT coa introdución das modificacións que, ao obxecto de adecuar o cadro de persoal as necesidades reais da organización, realizáronse mediante a racionalización de prazas existentes mediante a amortización destas e, a creación de novas prazas e consecuentemente os seus postos asociados, así como as readscricións de distintos postos, creación de servizos, etc., polo que non é preceptiva a negociación colectiva, toda vez que as modificacións introducidas nas prazas e, consecuentemente nos postos, xa foron negociadas na aprobación do orzamento 2019,

Motivación.-

No artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, preceptuábase que a corporación local aprobará anualmente , a través do orzamento, o Cadro de Persoal, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, debendo responder aos principios de racionalidade, economía e eficiencia.

A presente proposta vén sustentada pola necesidade de dispor dunha RPT actualizada, como instrumento organizativo básico a través do cal se realiza a ordenación do persoal de acordo coas necesidades dos servizos, para o desenvolvemento da planificación e xestión dos recursos humanos desta administración.

Por iso a necesidade de actualización da RPT en base as variacións introducidas no cadro de persoal orzamentario.

Amais, o próximo inicio das tarefas correspondentes a elaboración do Capítulo I de orzamentos para o ano 2020, fan imprescindible contar cunha RPT actualizada que permita traballar baixo un marco único entre plantilla. RPT, nómina e orzamento

Sometemento á fiscalización previa do expediente.-

Ao tratarse unicamente do traslado a RPT do cadro de persoal orzamentario aprobado polo Pleno en sesión de 26/12/2018, e polo tanto carecer de contido económico algún , non resulta necesario informe de fiscalización.

En consecuencia, de conformidade co establecido no artigo 127.1, apartados g) e h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e coa conformidade do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese ao criterio da Xunta de Goberno Local, a seguinte Proposta:

1.- Eliminación da vixente RPT dos seguintes postos, como consecuencia da racionalización de prazas vacantes así como a transformación de prazas correspondentes a persoal laboral e a súa conversión en prazas de persoal funcionario:

Posto_código	Posto_descrición	Cód.Servizo	Servizo
51	DIRECTOR/A VERBUM - CASA DAS PALABRAS	14	MUSEOS
156	VIXIANTE EN XERAL	14	MUSEOS
138	AUXILIAR	14	MUSEOS
660	DIRECTOR/A - EMAO	101	GABINETE ALCALDÍA
318	ADMINISTRATIVO INDEFINIDO	108	DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO
319	AUXILIAR INDEFINIDO	108	DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO
174	XEFE DE NEGOCIADO AD. TRIBUTOS	113	ADMÓN ELECTRÓNICA
138	AUXILIAR	200	XEFATURA RÉXIME INTERIOR



Concello de Vigo

Posto_código	Posto_descrición	Cód.Servizo	Servizo
239	OFICIAL PINTOR/A	201	CONSERXERÍA
138	AUXILIAR	213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS
122	CABO XEFE SAÍDA EXTINCIÓN DE INCENDIOS	213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS
122	CABO XEFE SAÍDA EXTINCIÓN DE INCENDIOS	213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS
138	AUXILIAR	215	MEDIO AMBIENTE
516	TÉCNICO/A SUPERIOR MEDIO AMBIENTE	215	MEDIO AMBIENTE
138	AUXILIAR	241	NEGOCIADO PATRIMONIO
320	DIPLOMADO TRABALLO SOCIAL INDEFINIDO	301	BENESTAR SOCIAL
136	AUXILIAR SERVIZOS INTERNOS	303	CEMITERIOS
55	PSICÓLOGO/A	315	C.E.D.R.O.
137	RECEPCIONISTA DE CEDRO	315	C.E.D.R.O.
147	AXUDANTE OFICIOS	328	AREA DE CULTURA
158	PEÓN TRABALLOS EXTERIORES	328	AREA DE CULTURA
150	ALMACENEIRO/A-AXUDANTE	334	BIBLIOTECAS
155	ORDENANZA PORTEIRO	334	BIBLIOTECAS
155	ORDENANZA PORTEIRO	334	BIBLIOTECAS
107	TÉCNICO/A AUXILIAR TOPOGRAFÍA	402	CARTOGRAFÍA-DELINEACIÓN
147	AXUDANTE OFICIOS	430	UN.P.CENTRAL DE SERVIZOS
156	VIXIANTE EN XERAL	430	UN.P.CENTRAL DE SERVIZOS
337	ADX.XEF.UN.TCA.CONTROL IMLE.SERV.VIA PUB.	441	SERVIZO DE VÍAS E OBRAS
232	OFICIAL ELECTRICISTA	444	SERV. ELECTROMECAÑICOS
232	OFICIAL ELECTRICISTA	444	SERV. ELECTROMECAÑICOS
232	OFICIAL ELECTRICISTA	444	SERV. ELECTROMECAÑICOS
232	OFICIAL ELECTRICISTA	444	SERV. ELECTROMECAÑICOS
147	AXUDANTE OFICIOS	444	SERV. ELECTROMECAÑICOS
129	CONDUTOR/A-PALISTA	445	PARQUE MÓBIL
231	OFICIAL MECÁNICO/A	445	PARQUE MÓBIL
233	OFICIAL CONDUTOR/A	445	PARQUE MÓBIL
233	OFICIAL CONDUTOR/A	445	PARQUE MÓBIL
233	OFICIAL CONDUTOR/A	445	PARQUE MÓBIL
233	OFICIAL CONDUTOR/A	445	PARQUE MÓBIL
233	OFICIAL CONDUTOR/A	445	PARQUE MÓBIL
233	OFICIAL CONDUTOR/A	445	PARQUE MÓBIL
233	OFICIAL CONDUTOR/A	445	PARQUE MÓBIL
233	OFICIAL CONDUTOR/A	445	PARQUE MÓBIL

Posto_cód	Posto_descripciòn	Cód.Servizo	Servizo
233	OFICIAL CONDUTOR/A	445	PARQUE MÓBIL
233	OFICIAL CONDUTOR/A	445	PARQUE MÓBIL
233	OFICIAL CONDUTOR/A	445	PARQUE MÓBIL
233	OFICIAL CONDUTOR/A	445	PARQUE MÓBIL
184	XEFE/A EQUIPO OFICIOS	446	MONTES, PARQUES E XAR-DÍNS
147	AXUDANTE DE OFICIOS	446	MONTES, PARQUES E XAR-DÍNS
147	AXUDANTE DE OFICIOS	446	MONTES, PARQUES E XAR-DÍNS
158	PEÓN TRABALLOS EXTERIORES	446	MONTES, PARQUES E XAR-DÍNS
158	PEÓN TRABALLOS EXTERIORES	450	UNIDADE MANTEM.SERV.MUNICIPAIS
138	AUXILIAR	502	INSPECCIÓN DE TRIBUTOS
140	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A LAB.	502	INSPECCIÓN DE TRIBUTOS
144	AXENTE TRIBUTARIO	502	INSPECCIÓN DE TRIBUTOS
279	XEFE/A NEGOCIADO RECADACIÓN VOLUNTARIA	540	N RECADACIÓN VOLUNTARIA
175	XEFE NEGOCIADO PAG.-CONTAB.PAGOS E CONTROL CONTAS	543	PAGADURÍA-CONTABILIDADE DE CONTAS
158	PEÓN TRABALLOS EXTERIORES	611	SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES
621	TECNICO/A MANTEMENTO SISTEMAS INFORMATICOS	611	SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES
652	MESTRES DE OFICIOS - EMAO	613	EMAO
654	MESTRE FORMACIÓN EMAO	613	EMAO
654	MESTRE FORMACIÓN EMAO	613	EMAO
654	MESTRE FORMACIÓN EMAO	613	EMAO
654	MESTRE FORMACIÓN EMAO	613	EMAO
654	MESTRE FORMACIÓN EMAO	613	EMAO
654	MESTRE FORMACIÓN EMAO	613	EMAO
654	MESTRE FORMACIÓN EMAO	613	EMAO
658	ADMINISTRATIVO EMAO	613	EMAO
658	ADMINISTRATIVO EMAO	613	EMAO
682	CONSERVADOR ZOO (Réxime Lab)	612	VIGOZOO

2.- Creación dos seguintes postos asociados ás novas prazas incluídas no orzamento 2019:



Concello de Vigo

CODG	DENOMINACIÓN	CODG	SERVIZO
105	ADMINISTRATIVO	108	DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO
138	AUXILIAR	108	DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO
330	TÉCNICO/A MEDIO/A SISTEMAS	113	ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA
98	PROGRAMADOR/A INFORMÁTICA	113	ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA
78	TÉCNICO/A MEDIO/A SERV. ECONÓMICOS	150	TESOURERÍA
96	SARXENTO XEFE PARQUE EXTINCIÓN INCENDIOS	213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS
96	SARXENTO XEFE PARQUE EXTINCIÓN INCENDIOS	213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS
132	BOMBEIRO/A	213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO
132	BOMBEIRO/A	213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO
132	BOMBEIRO/A	213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO
132	BOMBEIRO/A	213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO
132	BOMBEIRO/A	213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO
133	CONDUTOR-BOMBEIRO/A	213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO
133	CONDUTOR-BOMBEIRO/A	213	EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO
350	TITULAR TRIBUNAL RECURSOS CONTRACTUAIS	245	TRIBUNAL RECURSOS CONTRACTUAIS
81	DIPLOMADO TS	301	BENESTAR SOCIAL
81	DIPLOMADO TRABALLO SOCIAL	301	BENESTAR SOCIAL
81	DIPLOMADO TRABALLO SOCIAL	301	BENESTAR SOCIAL
81	DIPLOMADO TRABALLO SOCIAL	301	BENESTAR SOCIAL
81	DIPLOMADO TRABALLO SOCIAL	301	BENESTAR SOCIAL
81	DIPLOMADO TRABALLO SOCIAL	301	BENESTAR SOCIAL
81	DIPLOMADO TRABALLO SOCIAL	301	BENESTAR SOCIAL
81	DIPLOMADO TRABALLO SOCIAL	301	BENESTAR SOCIAL
81	DIPLOMADO TRABALLO SOCIAL	301	BENESTAR SOCIAL
351	EDUCADOR SOCIAL	301	BENESTAR SOCIAL
138	AUXILIAR	303	CEMITERIOS
106	DELINEANTE	402	CARTOGRAFÍA-DELINEACIÓN
281	ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL	441	SERVIZO DE VÍAS E OBRAS

CODG	DENOMINACIÓN	CODG	SERVIZO
349	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A FORESTAL	446	MONTES, PARQUES E XARDÍNS
345	XEFE/A NEGOCIADO MONTES, PARQUES E XARDÍNS	446	MONTES, PARQUES E XARDÍNS
143	INSPECTOR CONTROL CONCESIONARIAS	446	MONTES, PARQUES E XARDÍNS
143	INSPECTOR CONTROL CONCESIONARIAS	446	MONTES, PARQUES E XARDÍNS
65	ECONOMISTA	500	DIRECCIÓN DE INGRESOS
105	ADMINISTRATIVO	502	INSPECCIÓN DE TRIBUTOS
138	AUXILIAR	503	XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA
138	AUXILIAR	512	"IAE-EUI"
655	MESTRE FORMACIÓN-EMAO (NAT. FC)	613	EMAO
655	MESTRE FORMACIÓN-EMAO (NAT. FC)	613	EMAO
655	MESTRE FORMACIÓN-EMAO (NAT. FC)	613	EMAO
655	MESTRE FORMACIÓN-EMAO (NAT. FC)	613	EMAO
655	MESTRE FORMACIÓN-EMAO (NAT. FC)	613	EMAO
655	MESTRE FORMACIÓN-EMAO (NAT. FC)	613	EMAO
105	ADMINISTRATIVO/A	613	EMAO
105	ADMINISTRATIVO/A	613	EMAO
682	CONSERVADOR/A (NAT. FC)	612	VIGOZOO

3.- Proceder a readscrición/reasignación dos seguintes postos:

Un posto Codg 138 "Auxiliar", vacante na unidade 101 "Gabinete de Alcaldía", readscríbese á unidade 236 "Voluntariado".

Un posto Codg 105 "Administrativo", dotación 82 da unidade 236 "Voluntariado" ocupado por D^a Sastre Vazquez, MC. con NP 15941, adscríbese á unidade 101 "Gabinete de Alcaldía"

Un posto Codg 46 "Técnico/a Admón. Xeral", vacante na unidade 502 "Inspección de tributos", adscríbese á unidade 106 "Comercio".

Un posto Codg 105 "Administrativo" dotación 84 adscrito á unidade 16 "Deportes", ocupado por D. Mosquera Carballo, O. , con NP 79160, adscríbese á unidade 449 "Transportes".

Un posto Codg 138 "Auxiliar", vacante na unidade 449 "Transportes" adscríbese á unidade 16 "Deportes".



Concello de Vigo

Un posto Codg 179 “ Técnico/a de xestión”, dotación 4, ocupada por D^a Román Celada , O., con NP 84285 na unidade 321 “Servizo atención cidadá 010” adscríbese a unidade 232 “Oficina Asistencia Rexistro e información”.

Un posto Codg 138 Auxiliar , dotación 24, ocupado por D^a Vila Rodríguez, A. con NP 81706 na unidade 321 “Servizo Atención Cidadá 010”, adscríbese á unidade 232 “Oficina Asistencia Rexistro e información”.

Un posto 246 Oficial Telefonista vacante na unidade 321 “Servizo Atención Cidadá 010”, adscríbese á unidade 232 “Oficina Asistencia Rexistro e información”.

Un posto Codg 138 “auxiliar”, dotación 115, ocupado pola funcionaria D^a Domínguez Gonzalez, C., con NP 82158 na unidade 503 “Xestión Catastral delegada”, readscríbese á unidade 515, redenominada “Negociado imposto vehículos”

Un posto Codg 10 “Xefe/a Servizo Admón Tributos”, dotación 1, ocupado polo funcionario D. González Rodríguez, J., con NP 18938 na unidade 210 “Xefatura e ingresos directos”, readscríbese á unidade 150 “Tesourería”.

Un posto Codg 105 Administrativo, dotación 77, ocupado pola funcionaria D^a Costas Arán, C. con NP 23432, adscrita á unidade 513 “Neg. Imposto Plusvalía”, readscríbese á unidade 511 “Negociado de imposto Bens inmobles”.

Un posto Codg 140 “Auxiliar administrativo/a” (laboral), dotación 14, ocupado por D^a Franco Reza, MP., con NP 23716 adscrito á unidade 517 “Base de datos contribuíntes”, readscríbese a unidade 511 “Negociado de imposto Bens inmobles”

Un posto Codg 138 “Auxiliar”, dotación 121, ocupado por D^a González Arias, O., con NP 80566 que figura na unidade 511 “Negociado Bens inmobles” readscríbese á unidade 503 “Xestión Catastral Delegada”.

Un posto Codg 105 “Administrativo/a”, dotación 17, ocupado por D^a Landín Lorenzo, MA., con NP 81470, adscrito á unidade 513 “Neg. Imposto Plusvalía” readscríbese á unidade 512 “IAE-EUI”.

Un posto Codg 138 “Auxiliar”, dotación 113, ocupado por D^a. Carballo Troncoso MR., con NP 83155, adscrito á unidade 502 “Inspección de Tributos”, reasígnase á unidade 512 “IAE-EUI”.

Un posto vacante Codg 138 “Auxiliar”, adscrita á unidade 515 “Neg. Tributos especiais” readscríbese á unidade 513 “Neg. Imposto Plusvalía”.

Un posto Codg 140 “auxiliar administrativo/a” (laboral), dotación 27, ocupado por D^a Bragado Martinez, MJ., con NP 77253 , adscrito á unidade 517 “Base de datos contribuíntes” reasígnase á unidade 515 , redenominada “Negociado Imposto Vehículos”.

Un posto Codg 105 “Administrativo”, dotación 67, ocupado por D^a Otero Mendez, MI., con NP 83688, adscrita á unidade 516 “Negociado Taxa Lixo Vivendas”, readscríbese á unidade de nova creación Codg 520 “Negociado ICIO”

Un posto Codg 686 “Auxiliar administrativo/a Zoo, dotacion 1, ocupado por D^a Vila Campos, RM., con NP 83271, readscribese a Unidade 101 Gabinete Alcaldía, redenomínándose Auxiliar Alcaldía (Rex lab), coas retribucións aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28/12/2018 (expte 32837-220.)

Por outra banda, por Resolución de data 22/01/2019, resolveuse reasignar, como consecuencia de adaptación de posto de traballo ao empregado municipal D R. Italiani Roman con

NP 60143 con posto Codg 615 Oficial de instalacións deportivas adscrito ao unidade Codg 611 Deportes, sendo reasignado a unidade Codg 430 Unidade Paarque Central de Servizos. Así mesmo, por Decreto de data 06/05/2019 resolveuse readscribir a empregada municipal en réxime funcionarial D^a. González Martínez, Ines. técnica de administración xeral, adscrita á Dirección de Ingresos, cód. 500, á Área de Servizos Xerais, cód. 440, para desenvolver as funcións inherentes ao seu posto.

4.- En relación cos distintos servizos municipais

Operación	Cdg.-servizo	Denominación	Observacións	Centro Custe
Creación	245	Tribunal Recursos Contractuais		920.9
Redenominación	200	Xefatura Réxime Interior	Réxime Interior	
Creación	311	Servizo Control de Plagas		311.0
Redenominación	329	Animación Sociocultural	Servizo de Festas	
Redenominación	232	Rexistro Xeral	Oficina Asistencia Rexistro e Información	
Redenominación	515	Negociado tributos especiais	Negociado imposto vehículos	
Creación	520	Negociado ICIO		932.0

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(630).- NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL (PROGRAMA CONXUNTO DE ACTUACIÓN PARA A IMPLEMENTACIÓN PRÁCTICA DA LEI 9/2013, DO 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO) DE 1 PROGRAMADOR INFORMÁTICO. EXPTE. 34160/220.

Visto o informe de fiscalización do 08/07/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Admon. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 11/03/2016 aprobou o "Programa conxunto de actuacións para a implementación práctica da lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno", expte. 27064/220, no que se contemplan as necesidades de medios humanos e a duración estimada prevista do mesmo.

II.- Como consecuencia do acordo anterior, e segundo as necesidades de persoal referenciadas no programa aprobado, a Xunta de Goberno Local adoptou unha serie de acordos, entre outros en sesión extraordinaria e urxente de 01/02/2017, o "Nomeamento interino por execución de programa temporal (implementación práctica da Lei 9/2013) dun programador informático e dun técnico de xestión. Expte 29267/220.

III.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 28/01/2019, adoptou acordo de "Adequar a execución do programa de actuación para a implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 11 de marzo de 2016, fixando como data de inicio do programa o día 01/02/2017 e data de finalización do mesmo o día 01/02/2020.

2.- Prorrogar por 12 meses, o programa de actuación para a implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 11 de marzo de 2016 (ata o 01/02/2021).

Declarar a urxencia na prórroga do nomeamento dos catro funcionarios/as interinos/as por execución de prórroga do programa de carácter temporal, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, finalizando en todo caso o 01/02/2021, data na que remata a prórroga do programa, xustificada nas necesidades que constan no expediente 447/1102 "Adecuación da execución programa de actuación para a implantación das previsións contidas na lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e prórroga. Expte 27064-220".

En consecuencia, autorizar o gasto total de **282.069,55 €** (da referida cantidade 97.016.64€, corresponde ao exercicio 2019 , 170.155,77€ ao exercicio 2020 e, 14.897,14€ ao exercicio correspondente ao ano 2021), de conformidade co desglose establecido no informe técnico, ao que haberá de engadirse os custos de Seguridade Social que constan no informe económico anexado ao expediente, elo con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente.

3.- Declarar a urxencia na prórroga do nomeamento dos catro funcionarios/as interinos/as por execución de prórroga do programa de carácter temporal, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, finalizando en todo caso o 01/02/2021, data na que remata a prórroga do programa, xustificada nas necesidades que constan no expediente 447/1102 "Adecuación da execución programa de actuación para a implantación das previsións contidas na lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e prórroga. Expte 27064-220".

En consecuencia, autorizar o gasto total de **282.069,55 €** (da referida cantidade 97.016.64€, corresponde ao exercicio 2019 , 170.155,77€ ao exercicio 2020 e, 14.897,14€ ao exercicio correspondente ao ano 2021), de conformidade co desglose establecido no informe técnico, ao que haberá de engadirse os custos de Seguridade Social que constan no informe

económico anexoado ao expediente, elo con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente.

4.- Prorrogar, -pola adecuación da execución e prórroga do programa de carácter temporal “Adecuación da execución programa de actuación para a implantación das previsións contidas na lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e prórroga. Expte 27064-220”-, ata o 01/02/2021 o nomeamento dos funcionarios/as interinos/as seguintes:

. Programador informático (expte. 29267-220).- D. L. Guarín Díez

. Técnico xestión (expte. 29267-220).- R. Vila Rodríguez

. Auxiliar de administrador xeral (expte 29684-220).-X. Soneira Villarino

. Programador web (expte 30746-220).- R. Rodríguez Ferreirós.

...”

III.- Con data 8 de abril de 2019 a través do Rexistro electrónico (cód solicitude W335860-4281, doc. nº 190050880) D. Laureano Guarín Díez, presentou a renuncia ao seu nomeamento interino como Programador informático en execución do programa temporal “Programa conxunto de actuacións para a implementación práctica da Lei 9/2013, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno en materia de Administración Electrónica, Recursos Humanos e Secretaría do Goberno Local.”

IV.- En data de sinatura electrónica, en escrito asinado pola Secretaria de Goberno Local e o Xefe de Administración electrónica, se solicita a Área de RRHH que se inicie o correspondente expediente para o nomeamento e posterior adscrición dun Programador informático para o Programa de actuación para a implantación efectiva das previsións contidas na lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, posto vacante dende a renuncia do anterior titular D. Laureano Guarín Díez.

V.- En base ao anterior pola concelleira delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, a través de instrución de servizo de data 21/06/2019, ordenou a incoación do correspondente expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino por execución dun programa de carácter temporal (“Programa de actuación para implementación efectiva das previsións contidas na lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno”), ata o 01/02/2021, dun/unha programador/a informático, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

VI.- Con data 04/07/2019, polo Técnico de Organización e Planificación, fórmulase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real



Concello de Vigo

Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto re-*

fundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses máis (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso ((posto Cód. 98-Programador/a Informática), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.



Concello de Vigo

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no informe conxunto asinado pola secretaria de goberno local e o xefe de administración electrónica, así como na instrución de servizo da concelleira delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, a través de instrución de servizo de data 21/06/2019; resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, neste caso, ao considerarse aos Servizos de Administración Electrónica, como servizos públicos esenciais, de carácter interno e transversal, cuxa actividade resulta imprescindible para o funcionamento do propio Concello.

IV. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente o nomeamento interino proposto por un período máximo de 18,5 meses (16/07/2019 a 01/02/2021) dun/dunha programador/a informático para o referido programa, supón un gasto de **66.790,79 €**, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente. Da referida cantidade **14.835,44 €** corresponden ao presente exercicio orzamentario; **33.164,50 €** (o exercicio de 2020) e **2.818,50 €** (o exercicio 2021), ao que haberá que engadirse a cantidade de 15.971,87 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 98 – Programador/a de Informática), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

No referido informe se fai constar que *“Significar así mesmo respecto ao gasto comprometido nos diferentes AFUT para o vindeiro ano 2020, que consecuencia da renuncia voluntaria de tres funcionarios interinos por execución de programa temporal, poderíase minorar o gasto comprometido nunha contía de 102.425,88€, polo que a data de hoxe a cantidade real comprometida neses programas ascende a un total de 526.003,41€, evidentemente menor que a cantidade que figura na partida 920.0.140.00.00 dotada con 578.742,75€ dotada no orzamento. De aprobarse o presente expediente obrigaría a incorporar o correspondente AFUT no vindeiro orzamento 2020 nunha contía de 33.164,50 € e, na cantidade de 2.818,98€ na correspondente partida orzamentaria no exercicio de 2021.*

Nembargantes, informar que gasto ao que se refire o anterior parágrafo xa foi fiscalizado pola Intervención Xeral con ocasión da aprobación do referido programa pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente de data 01/02/2017, expte. 29267/220 e, da súa prórroga polo mesmo Órgano na súa sesión ordinaria de data 28/01/2019, expte. 32935/220, constando nos expedientes informes favorables ao respecto.

No que respecta ao presente ano 2019, tendo en conta os créditos dos postos vacantes existentes na RPT municipal, a execución das diferentes ofertas de emprego público pendentes e a previsión de gastos a realizar no Capítulo I, está garantida ata a data do presente informe as previsións de execución e a correcta xestión do Capítulo I de Gastos do vixente orzamento xeral.”

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 “outras modalidades de nomeamento persoal non permanente” do vixente orzamento aprobado para o presente ano 2019.

V. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente:

- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Programador informático, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.



Concello de Vigo

- Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D. Miguel Ángel Iglesias Otero, con DNI ***9941**,

de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por execución dun programa de carácter temporal segundo o disposto no artigo 10.1 c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 20/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar, de conformidade cos informes emitidos no expediente e o informe proposta que antecede, a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por execución de programa de carácter temporal, como **Programador/a de informática**, subgrupo C1 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de dezoito meses e medio (16 de xullo 2019 -1 de febreiro de 2021), finalizando a relación de servizo transcorrido dito período.

En consecuencia, autorizar o gasto de **66.790,79 €**, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente. Da referida cantidade **14.835,44 €** corresponden ao presente exercicio orzamentario; **33.164,50 €** (o exercicio de 2020) e **2.818,50 €** (o exercicio 2021), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionario interino por execución de programa de carácter temporal "Programa conxunto de actuacións para a implementación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo

gobierno", como **Programador informático**, por un período máximo de dezoito meses e medio (16/07/2019 a 1/02/2021), á **D. Miguel Ángel Iglesias Otero**, con DNI ***9941**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa (1/02/2021) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 98-programador/a informática, sendo adscrito ao Servizo de Administración Electrónica, cód. 113, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, á Secretaria de Goberno Local, ao Xefe de Servizo de Administración Electrónica, á Intervención Xeral, a Técnica media de RRLL, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(631).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CATRO SUBALTERNOS/AS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1 D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA CONSERXERÍA. EXPTE. 33819/220.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización do 04/07/19, dáse conta do informe-proposta do 3/07/19, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 20/03/2019, a Xefa de Subalternos, remite oficio, conformado pola Xefa da área de réxime interior manifestando a urxente necesidade de, entre outras, catro subalternos/as para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 27/05/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de catro subalternos/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 31/05/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente



Concello de Vigo

xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-ordenanza-porteiro/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de

tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa de Subalternos, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de catro subalternos/as para Conserxería, supón un gasto de **43.647,24 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **14.165,28 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Subalterno/a de: D^a Meletina Cid Rodríguez, con DNI ***4579**, D^a Yovana Alonso Souto, con DNI ***8097**, D. David Rivera González, con DNI ***3353** e D. Ubaldo Manuel González Pereira, con DNI ***7193** de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático



Concello de Vigo

en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escritos que constan anexados ao expediente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 20/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **subalternos/as**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades de **Conserxería** contidas no escrito do 20/03/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **43.647,24 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **subalternos/as** a: D^a Meletina Cid Rodríguez, con DNI ***4579**, D^a Yovana Alonso Souto, con DNI ***8097**, D. David Rivera González, con DNI ***3353** e D. Ubaldo Manuel González Pereira, con DNI ***7193**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 155-ordenanza-porteiro/a), sendo adscritos/as a Conserxería, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables,

restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, Á Xefa da Área de réxime interior, á Xefa de Subalternos, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(632).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ENTIDADE ÁRTIKA CB, CIF. E-27806942, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA “CAMPAÑA ESCOLAR DE ARTES ESCÉNICAS 2018-19” NA SALA ÁRTIKA. EXPTE. 2724/330.

Visto o informe xurídico do 03/06/19 e informe de fiscalización do 02/07/19, dáse conta do informe-proposta do 29/05/19, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 22 de maio pasado, a entidade ÁRTIKA CB presenta escrito de solicitude de subvención para o programa *CAMPAÑA ESCOLAR DE ARTES ESCÉNICAS 2018-19 NA SALA ÁRTIKA* que tivo lugar do 16 de novembro de 2018 ao 24 de abril de 2019; por este motivo, con data 23 de maio, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.03 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade **ÁRTIKA CB** xestiona dende o ano 2014 a SALA ÁRTIKA, un espazo adicado ás artes escénicas, que naceu co obxectivo de achegar o teatro a todos os cidadáns de Vigo, reivindicar as artes escénicas como opción de ocio e a creación de novos públicos. Este



Concello de Vigo

cometido tena convertido nun punto cultural de referencia na cidade, en Galicia e no territorio nacional.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O programa *CAMPAÑA ESCOLAR DE ARTES ESCÉNICAS 2018-19 NA SALA ÁRTIKA* tivo lugar do 16 de novembro de 2018 ao 24 de abril de 2019 na citada sala.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 4 9.462,89 € (nove mil catrocentos sesenta e dous euros con oitenta e nove céntimos), dos que o Concello de Vigo aportará 4.000 €, o que supón o 42,27 % e que inclúe todos os gastos que se xeneraron como consecuencia da programación.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade ÁRTIKA CB Clásica, para o financiamento do programa *CAMPAÑA ESCOLAR DE ARTES ESCÉNICAS 2018-19 NA SALA ÁRTIKA*, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade ÁRTIKA CB deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca

actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade ÁRTIKA CB ten como obxecto financiar a organización do do programa *CAMPAÑA ESCOLAR DE ARTES ESCÉNICAS 2018-19 NA SALA ÁRTIKA*, figurando na aplicación **3340.470.00.03** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade ÁRTIKA CB é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

***“PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros) á entidade ÁRTIKA CB, CIF. E-27806942, para o financiamento do programa *CAMPAÑA ESCOLAR DE ARTES ESCÉNICAS 2018-19 NA SALA ÁRTIKA*, organizado por esta entidade; organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.03 “CONVENIO SALA ARTIKA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

***SEGUNDO.-** As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

OBRIGAS DA ENTIDADE

- 1.- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D^a. Fernanda Barrio Barcala, administradora da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a



Concello de Vigo

utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3. Cumprir o programa obxecto da subvención, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigonos elementos de difusión da actividade subvencionada

6. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

7. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

8. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.
- 2.- Xestionar o pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou

aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- a) Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2019.
- b) Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- c) Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.



Concello de Vigo

2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- e) Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- f) Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- g) As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- h) Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- i) Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 e 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Concello de Vigo

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(633).- BASES DA CONVOCATORIA DO “CONCURSO DE MÚSICA VIGO EN VIVO”. EXPTE. 8867/336.

Visto o informe xurídico do 03/07/19, dáse conta do informe-proposta do **28/06/19**, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, conformado polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Concellería de Xuventude ten previsto desenvolver o “**Concurso de música Vigo en Vivo**” dacordo coas seguintes bases:

“1.- Definición e obxectivos

A Concellería de Xuventude do Concello de Vigo convoca o Concurso de música “**Vigo en Vivo**” para grupos de música noveis do municipio de Vigo.

Preténdese fomentar a creación musical e premiar o espírito creativo das e dos participantes a través dun concurso no que as bandas sen disco propio e sen espazos onde tocar, teñan a posibilidade de facelo nas rúas e outros lugares emblemáticos da nosa cidade.

Preténdese en definitiva apoiar o fomento da cultura musical.

2.- Participantes

* Poderán participar no concurso grupos e/ou solistas de calquera estilo musical no que, a lo menos, o 50% dos e das compoñentes deberán estar empadroados no Concello de Vigo.

* A lo menos un 75% dos e das compoñentes do grupo deberán ter entre 14 e 35 anos de idade máximo.

* Non poderán ter ningún traballo publicado con anterioridade en ningunha plataforma de difusión de contido audiovisual de carácter profesional.

* No caso de menores de idade deberán axuntar a correspondente autorización paterno/materna.

3.- Condicións técnicas

- A participación no concurso é gratuíta e poderá ser individual ou por grupos.

- Para participar é obrigatorio rexistrarse antes na web www.vigsonico.org donde, ademais, poderase subir o tema gravado: unha obra en formato audio e/ou vídeo de calquera estilo musical. Axuntarase ademais unha fotografía do grupo ou imaxe representativa do mesmo.

- O tema deberá ser orixinal tanto en letra, música e todos aqueles contidos inseridos, sendo propietarios/as da autoría dos mesmos.

- A duración das obras non poderá ser superior aos 10 minutos, nin ocupar máis de 400Mb (cunha resolución máxima de 720p HD) en arquivo compatible con Youtube. Sí é audio deberá incluír unha foto e un arquivo (formato mp3 ou wav) e, en caso de vídeo (formato Mp4 ou Mov).

- Admitirase un máximo de 1 obra musical por grupo e/ou solista.

- O contido das obras deberá ser respectuoso, calquera contido discriminatorio será motivo de expulsión do concurso.

- Os/as participantes autorizarán a ubicación dos vídeos polo menos, durante toda a duración do proceso do concurso e concertos.

- Os grupos e/ou solistas participantes deberán contar cun número de temas suficiente para poder realizar un concerto de a lo menos, 30 minutos (entre os temas, poderá haber un máximo de 2 versións. Neste caso, citaranse como tales).

- Os grupos/solistas seleccionados para as semifinais deberán comunicar á organización con anterioridade á celebración das actuacións en directo, si teñen rexistradas as súas composicións e si son membros dalgunha entidade que defenda os seus dereitos de autor/a.

- Os grupos/ solistas participantes darán a súa autorización e cederán os seus dereitos de imaxe á organización para a emisión dos temas ou dos concertos en diferentes medios de comunicación. Nunca tendo uso comercial.

- Os/as participantes eximen á organización e colaboradores deste concurso de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera transgresión da normativa vixente en materia de propiedade intelectual, sendo os/as participantes os/as únicos/as responsables.

- A participación neste concurso implica a integra aceptación das bases por parte dos grupos/solistas e tamén, das decisións da organización e dos xurados. Así mesmo implica a integra aceptación das características do evento, da súa estrutura e organización.



Concello de Vigo

- Calquera eventualidade imprevista surxida en relación ao desenvolvemento deste concurso e non contemplada de xeito específico nestas bases, será resolta de acordo co criterio da organización.
- A organización poderá modificar o lugar e datas das actuacións debido a causas meteorolóxicas ou de forza maior.

4.- Prazo de inscrición: dende o día seguinte á publicación das bases na web de vigosonico.org e ata 15 días despois.

5.- Fases do concurso

- a) Unha vez rematado o prazo de inscrición e ata o día indicado na web vigosonico.org, quedarán expostos os/as artistas (por orde alfabético segundo nome dos grupos/solista) para que o público e o xurado elixan aos 15 grupos que pasarán a seguinte fase. O público poderá acceder a páxina, rexistrarse e votar a un máximo de 3 participantes, repartindo 6 puntos do seguinte xeito: 3/2/1. Non se poderá votar máis dunha vez por cada usuario/a rexistrado/a.
- b) Os votos dos/das usuarios/as terán un valor do 50%, o outro 50% corresponderá a un xurado formado por persoas relacionadas e recoñecidas profesionalmente dentro do mundo da música.
- c) Unha vez rematado este prazo de inscrición para as votacións, o resultado das mesmas publicárase na web vigosonico.org o día previamente indicado na web co nome dos 15 finalistas.
- d) Tanto o día como a orde e lugares de actuación de cada grupo determinarase nun sorteo público que realizárase a semana anterior ao primeiro concerto. Para elo será necesaria a presenza dalgún dos membros dos grupos seleccionados no sorteo.
- e) Estes 15 finalistas actuarán nas rúas e espazos públicos de Vigo. Daranse a coñecer os lugares e os horarios a través da web vigosonico.org. Cada grupo deberá tocar como mínimo, un tema propio e 3 cover, cunha duración máxima de entre 15 a 20 minutos de duración. O tema propio de cada participante será gravado, tanto en vídeo como en audio, xa que usárase para subilo de novo á web e realizar novas votacións, unha vez rematados os concertos.
- f) Unha vez subidos todos os temas á web, abrírase de novo outra rolda de votacións coas mesmas normas que a anterior e cun prazo que se especificará na web vigosonico.org.
- g) Desta 2ª rolda de votacións sairán 6 finalistas que aparecerán na web. Estes finalistas actuarán nas rúas durante as festas de Vigo de verán.
- i) **Gala final:** Realízase unha gala final para elixir aos **3 gañadores**. Estes serán elixidos polo xurado ao remate da gala. O lugar e horario comunicárase a través da web e na prensa local.

6.- Premios

- 1/ Gravación de 3 maquetas en Vigosónico e realización dun videoclip do tema que elixan.
- 2/ Gravación de 2 maquetas en Vigosónico
- 3/ Gravación de 1 maqueta en Vigosónico

7.- Outras determinacións

- A organización poderá introducir si o considera necesario, as modificacións que estime oportunas para o bo funcionamento do concurso.

- O Concello de Vigo poderá levar a cabo as accións que considere oportunas para difundir as obras presentadas co fin de promocionar o concurso Vigo en Vivo da Concellería de Xuventude.

8.- Protección de datos

De conformidade co novo Regulamento Europeo de Protección de Datos (RGPD 2016/679 do Parlamento Europeo), os datos persoais dos/das participantes no concurso van entrar a formar parte da base de datos do Concello de Vigo (Xuventude) e non serán usados para outro fin que a xestión do concurso “Vigo en Vivo” nin van ser cedidos a terceiros sen o seu previo consentimento. Así mesmo poderase exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación dos datos en calquera momento no Concello de Vigo (Xuventude).”

Por todo elo, propónse á **Xunta de Goberno Local**:

“**1.** Aprobación das bases da convocatoria que rexerán o “Concurso de música Vigo en Vivo”

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis convinte.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

26(634).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC E PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO 2019. EXPTE. 7949/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 8/07/17, e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta de data 5/07/19, asinado pola instrutora do expediente, a concelleira-delegada de Festas e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 06 de xuño de 2019 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa



Concello de Vigo

Asociación cultural Interfolc, para a organización do XXV Festival folclórico internacional Concello de Vigo.

O Festival folclórico internacional recolle unha serie de actuacións en barrios e parroquias da cidade de grupos de folclore doutras rexións ou países. Este programa ten sido desenvolvido en todas as súas edicións anteriores pola Asociación cultural Interfolc (CIF G-36.892.271), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

A Asociación cultural Interfolc está en condicións de organizar o XXIV Festival folclórico internacional, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición do Festival se desenvolverá entre os días 15 e 21 de xullo de 2019, ambos inclusive, con animacións de rúas, cinco actuacións en barrios ou parroquias do termo municipal e un acto final cun desfile no centro da cidade, encadrándose así mesmo dentro do programa "Vigo en Festas 2019".

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dunha concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non ten carácter oneroso ao non existir intercambio de prestacións polo que está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de contratos do Sector Público sendo de aplicación a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

O obxecto deste convenio é fomentar, promocionar e achegar o folclore popular, nacional e internacional, á cidadanía.

O Concello de Vigo e a Asociación cultural Interfolc veñen asinando dende o ano 1995 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Asociación cultural Interfolc no vixente orzamento. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0007, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, por importe de 63.000,00 (sesenta e tres mil) euros, a favor da Asociación cultural Interfolc para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa "Festival folclórico internacional".

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 90.536,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma (contratación dos grupos folclóricos, seguros de responsabilidade civil e de accidentes, etc...) e que, segundo a proposta de Programa e de Presuposto presentado (que figura como anexo II do convenio), ascenden a 63.000,00 euros.

O éxito de público que se vén acadando tras as sucesivas edicións do festival, fai conveniente regular mediante as Bases de participación, Convocatoria e Solicitudes de actuacións das entidades ou asociacións interesadas no festival (que se achegan como anexo I ao convenio). No caso de incumprimento destas bases por parte das entidades beneficiarias, estas perderán o dereito a participar nas dúas seguintes edicións do festival.

O presente convenio inclúe as Bases de participación e Convocatoria para as actuacións descentralizadas do Festival nos barrios e parroquias da cidade, para seren aprobadas xunto a el. As solicitudes para estas actuacións realizaranse en impreso normalizado, a través do Rexistro xeral, ben directamente, ben por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa da Casa do Concello e nas web municipal (www.vigo.org). No caso de haberen máis solicitudes que espectáculos ofertados, seguiríanse os criterios de selección estipulados na base terceira.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da



Concello de Vigo

Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do da Resolución de data 26.06.2019

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación cultural Interfolc, CIF B-36.892.271, para a organización do XXV Festival folclórico internacional Concello de Vigo.

2º.- Que se aproben as Bases de participación e a correspondente Convocatoria para o XXV Festival folclórico internacional Concello de Vigo.

3º.- Que se autorice un gasto por importe de 63.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Asociación cultural Interfolc, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0007 (Convenio Festival folclórico internacional-Interfolc) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio económico.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN DO XXV FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO.

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. M^a Carmen Lago Barreiro, Concelleira delegada do área de Festas e Turismo, en virtude da competencia prevista no artigo 127 da Lei 7/1985 e do Decreto de delegación da Alcaldía do 18 de xuño de 2019 e acordo de Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019.

Doutra, don Roberto Giráldez Barbeitos con D.N.I. 76.911.826-X, como presidente da Asociación cultural Interfolc, C.I.F. G-36.892.271 e enderezo social na rúa Romil nº 12 - 1º C Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 7949/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución da XXV edición do Festival folclórico internacional de Vigo, que se desenvolverá entre os días 15 ao

21 de xullo de 2019, ambos inclusive, dentro do programa “**Vigo en Festas 2019**” por cinco barrios da cidade e un acto central. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

II.- O Concello de Vigo e a Asociación cultural Interfolc veñen asinando dende o ano 1995 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver o Festival folclórico internacional, cuns resaltados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- A Asociación cultural Interfolc ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

IV.- O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.489.0007, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 63.000,00 (sesenta e tres mil) euros, a favor da Asociación cultural Interfolc para o desenvolvemento do programa “Festival folclórico internacional”.

IX.- A Asociación cultural Interfolc non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 7949/335.

X.- As Bases de participación e Convocatoria para as actuacións descentralizadas do Festival nos barrios e parroquias da cidade figuran como anexo I ao presente convenio, para seren aprobadas xunto a el.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, o CONCELLO



Concello de Vigo

DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Asociación cultural Interfolc comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da programación do XXV Festival folclórico internacional e, en particular a:

1º. Organizar e xestionar o programa do XXV Festival folclórico internacional que se achega ao expediente, previa selección dos grupos folclóricos participantes e aceptación da proposta polo persoal técnico do Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo, e conforme ao seguinte:

- 5 actuacións descentralizadas en barrios e parroquias: coa participación de 2 agrupacións folclóricas internacionais e 1 actuación de vinte minutos dun grupo do barrio que acolle a actuación, ou de dous grupos do barrio cunha duración de dez minutos cada unha.
- 3 actuacións de animación nas rúas e prazas da cidade.
- 1 actuación central no Teatro de Afundación coa participación dos tres grupos internacionais e a participación das 3 agrupacións folclóricas integrantes da Asociación cultural Interfolc.
- Desfile dos grupos participantes o día do acto central polas rúas García Barbón e Policarpo Sanz as 20:00 horas.

O custo total do programa ascende a 90.536,00 euros que corresponde a diferentes conceptos a contratar pola Asociación.

2º. Coordinar a organización xeral dos festivais descentralizados en barrios e parroquias e relación coas entidades beneficiarias.

3º. Participar activamente na organización, realización e execución do festival.

4º. Velar para que cada entidade beneficiaria dos festivais descentralizados en barrios e parroquias cumpran os requisitos recollidos nas Bases de participación, que figuran no anexo I deste convenio, e comunicar de inmediato calquera incidencia ao respecto ao persoal técnico do Servizo de Festas.

5º. Xestionar directamente todo o referente aos grupos folclóricos participantes no festival.

6º. Contratar os equipos técnicos de megafonía e luces necesarios para o desenvolvemento do festival, nos barrios e parroquias participantes.

7º. Contratar o aluguer do Teatro Afundación para o desenvolvemento do acto central, así como o persoal necesario.

8º. Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto que se achega ao expediente.

9º. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos

necesarios, así como realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento do festival.

10º. Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa do festival e deste convenio, incluídos os referentes aos dereitos de autor.

11º. Presentarlle ao Servizo de Festas a memoria de execución do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto noveno.

12º. Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio.

13º. Contratar os servizos de Cruz Vermella naqueles casos que sexan necesarios.

14º. Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

15º. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do festival, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº 0040-5096968 con FIATC Mútua de seguros y reaseguros, que xa consta no expediente. Así mesmo comprométese a formalizar un seguro de accidentes para os integrantes dos grupos folclóricos que participen no festival; para o cal entregará ao Concello copia desta póliza antes do inicio do festival.

16º. Organizar o acto de recepción oficial aos grupos participantes no festival e o acto central, que terá lugar na data e lugar establecidos na convocatoria.

17º. Adquirir e entregar os agasallos aos grupos participantes.

18º. Cumprir as Bases de participación no Festival.

19º. Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do Festival.

20º. Xestionar a reserva das instalacións necesarias para o desenvolvemento do acto central, así como a reserva doutros espazos que sexan necesarios.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Solicitar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local naqueles lugares que sexa necesaria a criterio dos responsables dos anteditos corpos.

2. Deseñar e editar o material gráfico correspondente ao Festival (500 exemplares de Carteis, 3.500 exemplares de Trípticos informativos do programa e as Invitacións ao acto central). Calquera actuación publicitaria complementaria con cargo ao orzamento deste convenio deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico do Servizo de Festas.

3. Conceder directamente á Asociación cultural Interfolc unha subvención para a XXV edición do Festival folclórico internacional por importe de 63.000,00 euros, co obxecto



Concello de Vigo

de coadruar ao financiamento da programación, organización e execución do Festival. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES69 2080 5100 1630 0009 2046 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- De conformidade co disposto no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, relacionarase coa administración por medios electrónicos.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei xeral de subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que

se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2019, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería, pola Intervención Municipal, tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O Concello publicará á concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso e Información Pública e Bo Goberno.



Concello de Vigo

Noveno.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2019 e non será prorrogábel.

Décimo sétimo.- Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Décimo noveno.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo.- As actuacións folclóricas con cargo a este convenio irán destinados ao público en xeral, e o acceso ás mesmas será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto onde se celebren as actuacións.

Vixésimo primeiro.- Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Vixésimo segundo.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo terceiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

BASES DE PARTICIPACIÓN PARA AS SOLICITUDES DE ACTUACIÓNS E CONVOCATORIA DO "XXV FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO".

Primeira.- O Servizo de Festas da Concellaría de Festas e Turismo e a Asociación cultural Interfolc, en adiante "Comisión organizadora", están a programar o "XXV FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO", creado co obxecto de fomentar, promocionar e achegar o folclore popular á cidadanía.

Por este motivo, ofértanse a aquelas entidades interesadas, un espectáculo folclórico que terá lugar entre os días 15 e 21 de xullo de 2019 (estando o día 20 de xullo reservado para o acto central).

O número máximo de beneficiarios de actuacións para a presente edición queda limitado a cinco.

Segunda.- Poderán inscribirse todas as entidades sen ánimo de lucro e demais persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Entidades non lucrativas de carácter sociocultural e veciñal que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións á data de presentación da solicitude.
- b) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- c) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos obxectivos establecidos nas presentes bases.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

Terceira.- As entidades interesadas en concorrer a esta convocatoria presentarán as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, ben directamente ou ben por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo para a presentación de solicitudes será de dez días a partir da publicación desta convocatoria.

Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa da Casa do Concello e nas web municipal (www.vigo.org).

En caso de que houbese maior número de solicitudes que de actuacións a conceder (5) establécese unha orde de preferencia na que se aplicarían seguintes pautas:

- a) Aqueles ámbitos parroquiais tradicionais, ou no seu defecto barrios da cidade, que aínda non teñan recibido ningunha actuación en edicións anteriores do Festival (10 puntos);

- b) Aqueles ámbitos parroquiais tradicionais, ou no seu defecto barrios da cidade, que leven máis tempo sen recibir actuacións (5 puntos).

Aquelas solicitudes realizadas antes ou despois do prazo estipulado na correspondente convocatoria non serán admitidas, calquera que fose a causa.

Así mesmo, de haber dúas ou máis solicitudes de entidades pertencentes a un mesmo barrio, parroquia ou zonas xeográficas consideradas pola organización como próximas, realizaríase un sorteo previo entre elas para decidir os lugares de actuación.

Cuarta.- En ningún caso, o espectáculo folclórico ofertado pola Comisión organizadora poderá coincidir na mesma data e recinto con outro festival, espectáculo ou actividade organizada pola mesma entidade ou asociación beneficiaria. No caso de existiren na proximidade outras instalacións recreativas e atraccións deberan permanecer co volume dos altofalantes apagados.

Quinta.- As entidades beneficiarias, xunto co recinto de actuación proposto, deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) Escenario: completamente liso e cunhas dimensións mínimas de 10 m de longo x 10 m. de ancho x 1 m. de alto.
- b) Conexión eléctrica (xerador ou enganche oficial) cunha potencia mínima de 100.000 “watios”.
- c) Cadeiras para o público asistente conforme ao aforo do lugar.
- d) Camerinos próximos ao escenario, convenientemente equipados e cunha capacidade mínima para 30 persoas cada un deles. Os camerinos deberán estar en perfecto estado de hixiene e contar con auga potábel, perchas, espellos e cadeiras.
- e) Divulgar e promocionar o evento, así como distribuír o material gráfico que se remita dende a Comisión organizadora para difundir o evento, e incluír os logotipos do Concello de Vigo, da Asociación Interfolc e da entidade beneficiaria naquel material gráfico e audiovisual que esta edite.
- f) Seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos a terceiros con ocasión do festival.
- g) Comunicar á comisión organizadora calquera actividade protocolaria fóra de programa.
- h) No caso de montaxe de estruturas non permanentes desmontables a entidade beneficiaria deberá achegar comunicación previa conforme o disposto na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia xunto coa seguinte documentación:
 - 1º) O documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica do montaxe da instalación.
 - 2º) O marcado CE e a declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.

No caso de que algúns dos elementos citados anteriormente non existan no recinto e vaian ser xestionados pola beneficiaria posteriormente á realización da inscrición (escenario,



Concello de Vigo

camerinos eventuais, enganche oficial ou xerador...), deberán sinalalo no apartado de "OBSERVACIÓNS" do impreso de solicitude, con indicación da xestión que vaian realizar a tal efecto. A presentación da solicitude de participación supón a aceptación das presentes bases xunto co compromiso da entidade de cumprir coas necesidades e requisitos indicados.

Sexta.- Os membros da comisión organizadora do festival visitarán os recintos propostos polas entidades beneficiarias, co obxecto de valorar a súa viabilidade para albergar o espectáculo folclórico e poderán proporlle á Concellaría de Festas a desestimación daqueles que non cumpran as necesidades mínimas recomendábeis. Neste caso, tras a resolución da concelleira, o festival pasaría á seguinte entidade solicitante conforme os criterios da cláusula terceira destas bases.

Sétima.- A Comisión organizadora achegaralles a cada unha das entidades ou asociacións beneficiarias os seguintes elementos:

- a) Equipo de luz e son necesarios para o bo desenvolvemento do festival.
- b) Dous grupos folclóricos.
- c) Elementos de difusión e publicidade (carteis e programas de man) sobre o festival, cunha antelación mínima de quince días á data de realización do espectáculo.
- d) Todo o concernente á organización xeral do festival folclórico.
- e) Presentador/a do acto, facendo mención breve ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidades que colaboran na execución do programa.

Oitava.- A entidade beneficiaria nomeará unha persoa representante que actuará como única interlocutora válida ante a Comisión organizadora do festival, o que se indicará na propia solicitude de inscrición.

Novena.- A hora de comezo de todos os festivais será ás 21:30 horas, salvo que a comisión organizadora determinase o contrario.

Décima.- Cada asociación ou entidade beneficiaria poderá incluír no espectáculo ata un máximo de dous grupos de folclore ou música tradicional, que disporán dun tempo máximo de actuación de dez minutos cada un deles. Este aspecto deberán comunicarllo por escrito á Comisión Organizadora no prazo de 15 (quince) días antes da actuación, coa indicación da denominación dos grupos. En caso contrario, non se permitirá a actuación de ningún grupo a maiores dos achegados pola organización.

Décimo primeira.- A data de realización de cada un dos espectáculos folclóricos ofertados será determinada pola Comisión Organizadora, data que se lles comunicaría aos/ás interesados/as cunha antelación mínima de 48 horas. De todos os modos, na solicitude de inscrición cada entidade sinalará a data ou datas que lles resulten máis convenientes.

Décimo segunda.- Ao remate de cada espectáculo folclórico, o/a representante da entidade beneficiaria deberá formalizar a "certificación de execución" da actuación, que lle será facilitada pola Comisión organizadora, con indicación das posibles incidencias e suxestións relativas á súa produción.

Décimo terceira.- No caso de que algunha das entidades ou asociacións beneficiarias incumprisen algunha das súas obrigas, sobre todo no referente aos apartados cuarto e quinto, o Concello resolverá polos seus propios medios a realización dese espectáculo, e repercutirán os gastos nesa entidade ou asociación, que perderá ademais todo dereito a tomar parte nas dúas seguintes edicións do festival.

Décimo cuarta.- A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis eventualidades ou controversias que poidan xurdir, e para tomar iniciativas e decisións que contribúan ao bo desenvolvemento deste festival folclórico.

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN

XXV FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO

D/ Dna, _____ NIF _____ en representación da entidade denominada _____
CIF _____ ENDEREZO _____ N° _____
CP _____ TFNO _____ CORREO ELECTRÓNICO _____
Nome do/a coordinador/a da actividade: _____
TFNO _____ CORREO ELECTRÓNICO _____

SOLICITA a súa inscrición no “XXV Festival Folclórico Internacional de Vigo” e **DECLARA** coñecer e aceptar as bases de participación.

DATOS DO RECINTO DE ACTUACIÓN PROPOSTO:
⇒ LOCALIZACIÓN: _____
⇒ ESCENARIO: Ancho: _____ Fondo: _____ Alto: _____
⇒ INSTALACIÓN ELÉCTRICA: a) <input type="checkbox"/> Xerador <input type="checkbox"/> Enganche eléctrico oficial. b) Potencia máxima: _____ W
⇒ AFORO DO RECINTO: _____
⇒ CAMERINOS: a) <input type="checkbox"/> Fixos <input type="checkbox"/> Eventuais. b) Número: _____



Concello de Vigo

c) Capacidade: _____

⇒ DATA PREFERENTE: 15, 16, 17, 18 e 21 xullo. (sinalar unha ou varias opcións)

⇒ OBSERVACIÓNS: _____

Vigo, de de 2019

O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

EXCMO. SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

De acordo co establecido na Lei de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos que figuran nesta comunicación están incluídos nun ficheiro automatizado propiedade do Concello de Vigo. Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, poderán dirixirse en calquera momento á devandita entidade, na Praza do Rei, 1 - 36202 Vigo.

CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN

XXV FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO

D/ Dna, _____ NIF _____

En representación da entidade denominada _____

CIF _____ ENDEREZO _____ NUM _____

CP _____ TFNO _____ CORREO E _____

Nome do/a coordinador da actividade: _____

TFNO _____ CORREO E _____

EXPÓN:

1º.- Que o pasado día de xullo, ás horas, se realizou no o XXV Festival folclórico internacional.

2º.- Que durante a celebración do mesmo tivo lugar a actuación das seguintes agrupacións folclóricas:
.....

3º.- Que a organización e desenvolvemento do festival SI / NON se realizaron con total normalidade e de conformidade co programa previsto.

OUTRAS OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS:

.....
.....
.....

Vigo, de de 2019

O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE,

Asdo.

27(635).- NOMEAMENTO INTERINO DE CATRO AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL: UN/UNHA POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL E TRES POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1 D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 34328/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 09/07/19, dáse conta do informe-proposta do 3/07/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 30/05/2019 aprobou as Bases para a concesión das axudas municipais de libros, material escolar e comedor nos centros público e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Secundaria de Vigo para o curso 2019-2020. Expte.185696/301.

II.- Entre as necesidades referenciadas no expediente contéplase, tres auxiliares de administración xeral, por acumulación de tarefas ao abeiro do disposto no artigo 10.1.d) do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o TRLEBEP, e de un/unha auxiliar de administración xeral, por un máximo de doce (12) meses ata xuño de 2020, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o TRLEBEP.



Concello de Vigo

III.- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento, como Auxiliar de administración xeral:

- por execución de programa de carácter temporal (Art. 10.1 c) Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TRLEBEP) de D^a María José Quintáns Acuña, con DNI ***2377**, e,

- por acumulación de tarefas (Art. 10.1 d) Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TRLEBEP) de: D. Diego Alfredo Dopico Furelos, con DNI, ***1338**, D^a Eva Álvarez Alonso, con DNI ***9070** e D. José Manuel Couñago González, con DNI ***0133**,

de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

IV.- En base ao anterior a Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, a través de instrución de servizo de data 28/06/2019, ordenou a incoación do correspondente expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino de tres auxiliares de administración xeral, por acumulación de tarefas, por un máximo de seis meses, ao abeiro do disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e de un/unha auxiliar de administración xeral, por un máximo de doce (12) meses e ata xuño 2020, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por execución do programa temporal (Programa para axudas municipais escolares 2019-2020. Expdte 185696-301).

V.- Con data 03/07/2019, polo Técnico de Organización e Planificación, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmou que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar



Concello de Vigo

parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto Cód. 138- auxiliar de administración xeral), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou

unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sustentabilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no apartado quinto do acordo que aprobou as “Bases para a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor nos centros públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Secundaria de Vigo para o curso 2019-2020. Expte.185696/301”, anexado ao expediente, as necesidades de persoal necesario para a xestión destas axudas municipais de libros, material escolar e comedor para o curso 2019/2020, son entre outros “tres auxiliares administrativos/as, por acumulación de tarefas, por un período de 6 meses e un/unha auxiliar administrativo/a para todo o programa de axudas”. Tendo en conta o anterior, así como a instrución de servizo da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal de 28/06/2019, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron



Concello de Vigo

actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, neste caso, ao considerarse a Área de Benestar Social, como servizos públicos esenciais, de carácter interno e transversal, cuxa actividade resulta imprescindible para o funcionamento do propio Concello.

IV. Proposta de gasto:

De acordo co informe técnico que consta no expediente o nomeamento interino proposto por un período comprendido entre o 11/07/2019 ata o 30/06/2020, de un/unha auxiliar de administración xeral para todo o programa de axudas e , por un período comprendido dende o 11/07/2019 ata o 10/01/2020, de tres auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas por un máximo de seis meses, supón un gasto de **58.736,10€** (44.704,52€ correspondentes ao ano 2019 e 14.031,58 correspondentes ao ano 2020), ao que haberá que engadirse a cantidade de **18.618,80 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente"

V. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial de instalacións municipais e de Auxiliar de administración xeral, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento, como Auxiliar de administración xeral:

- por execución de programa de carácter temporal (Art. 10.1 c) Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TRLEBEP) de D^a María José Quintáns Acuña, con DNI ***2377**, e,

- por acumulación de tarefas (Art. 10.1 d) Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TRLEBEP) de: D. Diego Alfredo Dopico Furelos, con DNI, ***1338**, D^a Eva Álvarez Alonso, con DNI ***9070** e D. José Manuel Couñago González, con DNI ***0133**,

de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por execución dun programa de carácter temporal segundo o disposto no artigo 10.1 c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, e por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do

Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 20/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as, como **Auxiliares de administración xeral**, subgrupo C2 de titulación, no seguintes termos:

tres auxiliares de administración xeral, por acumulación de tarefas por un máximo de seis meses, ao abeiro do disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e de un/unha auxiliar de administración xeral, por un máximo de doce (12) meses e ata xuño 2020, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por execución do programa temporal, finalizando en todo caso ao rematar o programa, xustificada nas necesidades da Área de Benestar Social, que constan no programa que figura no expediente 185696/301, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 30/05/2019.

En consecuencia, autorizar o gasto de **58.736,10€ (44.704,52 €, correspondente ao ano 2019 e 14.031,58€, correspondente ao ano 2020)** ao que haberá que engadise os custos de Seguridade Social que constan no informe técnico anexado ao expediente, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionarios/as interinos/as por execución de programa de carácter temporal "Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación 2019", como Auxiliares de administración xeral, a:

. D^a María José Quintáns Acuña, con DNI ***2377**- por execución de programa de carácter temporal (por un máximo de doce (12) meses e ata xuño 2020)(Art. 10.1 c) Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TRLEBEP) e,

. D. Diego Alfredo Dopico Furelos, con DNI, ***1338**, D^a Eva Álvarez Alonso, con DNI ***9070** e D. José Manuel Couñago González, con DNI ***0133**, por acumulación de tarefas (por un máximo de seis meses)(Art. 10.1 d) Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TRLEBEP),



Concello de Vigo

de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP - por un máximo de doce (12) meses e ata xuño 2020, finalizando en todo caso ao rematar o programa- e, de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-auxiliar, sendo adscritos á Área de Benestar Social, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Instar a Xefatura da Área/Servizo para a realización do correspondente documento organizativo no cal se analicen as necesidades estruturais e temporais de efectivos nos departamentos ao seu cargo, establecendo a obriga de remitilo á Concellaría-delegada de organización municipal para a realización das actuacións pertinentes.

SEXTO: Notificar o presente acordo ás aspirantes nomeadas, ao Xefe da Área de Benestar Social, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez